

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1**

**SESION EXTRAORDINARIA DO 14 DE XANEIRO DE 2005**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Guerra Fernández, Javier Jorge
Arias Moreira, José Carlos	Iglesias Carrera, José Manuel
Barros Puente, Miguel	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Calviño Rodríguez, Julio	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Coello Bufill, Antonio	Méndez Piñeiro, María Xosé
Comesaña Abalde, Carlos	Molares Pérez, Lucía Emilia
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Polo Lima, María Soledad
Fernández Davila, María Olaia	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier

**NON ASISTEN:**

Pérez Castrillo, Lois  
Porteiro García, María Josefa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día catorce de xaneiro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do

día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Sra. Porteiro García e o Sr. Pérez Castrillo. Están tamén presentes a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González e a técnico medio dos Servizos Económicos, Sra. Pérez Barreiro.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Co gallo do desgraciado accidente laboral acontecido no día de onte na cidade de Burgos que se saldou con seis traballadores mortos e outros seis feridos, algúns deles de extrema gravidade, o Comité de Persoal do Concello solicita do Pleno da Corporación que gardemos un minuto de silencio en sinal de dor polo fatal acontecemento.

*A CORPORACIÓN MUNICIPAL E MÁIS TODOS OS PRESENTES NO SALÓN DE PLENOS, POSTOS EN PÉ, GARDAN UN MINUTO DE SILENCIO.*

UNICO. (1) APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO DO ANO 2005.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xaneiro de 2005 a Alcaldía-Presidencia, presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello a documentación relativa ó orzamento do Concello que ascende á cantidade de 188.514.516 euros, así como a correspondente ós seus organismos autónomos.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 10 de xaneiro de 2005, aprobou o proxecto de orzamento xeral municipal para a anualidade de 2005.

Por escritos de data 10 de xaneiro de 2005, o grupo municipal do PG formula as seguintes emendas:

- Engadir á partida para a construción do centro socio cultural de Coia unha contía de 150.000 €.
- Crear unha partida para a construción do centro socio cultural de Cabral-Feira cunha contía de 90.000 €.
- Engadirlle á partida para a supresión de barreiras arquitectónicas unha contía de 240.000 €.
- Engadirlle á partida para reparación das pistas de atletismo unha contía de 80.000 €.

- Crear unha partida para a adquisición dun grupo escultórico de Xaime Quesada cunha contía de 120.000 €.
- Crear unha partida para labores de instauración e desenvolvemento do Consello Social da Língua de 121.000 €.
- Que a contía prevista para celebración das Festas de Vigo sexa destinada a axudas para os damnificados polo maremoto do Sudeste Asiático.
- Que as altas orzamentarias previstas coas anteriores emendas relativas a:
  - Supresión barreiras arquitectónicas ..... 240.000 €
  - Reparación pistas atletismo ..... 80.000 €
  - Construcción centro socio cultural de Coia ..... 150.000 €
  - Construcción centro socio cultural de Cabral-Feira... 90.000 €
  - Consello Social da Língua ..... 120.000 €
  - Adquisición grupo escultórico de Xaime Quesada..... 120.000 €

que suman un total de 800.000 euros, sexan compensadas por baixas derivadas de suprimir a partida dun proxecto de estación depuradora, de suprimir os pagamentos de canons por dereitos portuarios e o resto de baixas da partida de publicidade e propaganda.

Proposta de acordos extra-orzamentarios:

1.- Saneamento de augas: Que se prexuízo de procurar todas as axudas económicas posibles da CE e do Goberno de España, se asuma o compromiso de negociar coa Xunta de Galicia a inmediata construción dunha estación depuradora de augas residuais que, complementando as existentes en Teis e no Lagares, sexa suficiente para sanear todos os vertidos de Vigo.

2.- Abastecemento de augas:

2.1. Asumir o compromiso de negociar coa Xunta de Galicia que non se faga ningunha concesión para explotación das augas do río Oitavén que non sexa a existente para abastecemento da Área Metropolitana de Vigo.

2.2. Que, sen prexuízo de procurar todas as axudas económicas posibles da CE e do Goberno de España, se asuma o compromiso de negociar coa Xunta de Galicia a construción dunha canle que comunique os ríos Verdugo e Oitavén, de xeito que parte dos excedentes daquel sexan adicados a abastecemento da Área Metropolitana de Vigo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 11 de xaneiro de 2005, dictamina rexeitar as anteriores emendas do Grupo municipal do Partido Galeguista. Igualmente a comisión informativa, unha vez corrixido o erro apreciado na partida 4450.227.06.01 do capítulo 2, dictamina na forma que se expresa nos apartados segundo ó quinto da parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Bos días a todos, toca novamente falar de orzamentos.

Sinceiramente que me semella mentira que pasaran xa 6 ou 7 meses dende que tiveren a primeira e última oportunidade de lles presentar uns orzamentos municipais. Aprendendo daquela experiencia que para min foi dura e complicada e a verdade que sen esperanza dos convencer neste Pleno, gustaríame antes de empezar situar un pouco as coordenadas onde a min me gustaría que se presentara o debate orzamentario e para iso pedinlle axuda a dous amigos, Juan e M<sup>a</sup> Jesús, que é unha parella que ten dous fillos, que vive nun piso na rúa Torrecedeira, que ten unha hipoteca coa que lles custa chegar a fin de mes. É xente informada que non coñecen moito a alta política, pero o quid da cuestión desta xente é que ingresan na caixa municipal entre todos uns 1.500 euros ó ano e a verdade é que a eles o que lles preocupa é que falemos de que o parque que está ó carón da súa casa estea en mellores condicións e que a rúa estea mellor. Segundo me contaron preocúpalles moi pouco quen é o voceiro dun Grupo, o Concelleiro de Facenda ou calquera outra cousa.

Sei que é moi difícil, que vostedes pensarán que isto é demagogia e que non os vou convencer pero sinceiramente coido que cando falamos de orzamentos esquecemos que detrás das cifras que presentamos e diso que se chama alta política, hai caras e ollos, hai persoas e coido que nós estamos aquí para lles dar os mellores servizos posibles. Por iso gustaríame que o debate orzamentario se formulara neses termos.

Para Juan e para M<sup>a</sup> Jesús traballaron duramente os servizos técnicos deste Concello que na miña opinión son magníficos, axudáronme moito, dende Intervención a Contabilidade, a Persoal, xente de Ingresos e a todos eles antes de nada quérólles dar o meu agradecemento porque sen eles neste camiño sería totalmente imposible presentar o orzamento.

Pola miña banda tentei traballar coa mesma honestidade e seriedade de sempre para tentar presentarlles un orzamento que na miña opinión é o mellor para a cidade e dende logo para os seus cidadáns.

Saben moi ben que o orzamento é o documento básico de xestión, o documento onde teñen que cristalizar todas as políticas dun goberno e mesmo o estilo dese goberno. Dende ese punto de vista coido que as persoas que formamos o equipo humano encabezado por D<sup>a</sup> Corina Porro temos que nos sentir orgullosos do orzamento que estamos presentando porque plasma e continua o labor que realizamos durante este ano que se circunscribe nos parámetros que nós presentamos ós cidadáns, un labor que coido que está sendo valorado e que esperamos seguir a través deste orzamento.

Entón ¿cómo podería eu calificar este orzamento? Tentei simplificalo para que as persoas que nos escoiten o poidan entender perfectamente e atopei oito verbas que na miña opinión definen o que é o corazón deste orzamento, o que está detrás del. Esas oito verbas son: É un orzamento de austeridade, audaz, investidor, de liquidación, de motivación; é un orzamento, na miña opinión, preocupado dos asuntos sociais, das infraestructuras e da mellora e o embelecemento da cidade e por último e como non podía ser doutro xeito, é un orzamento preocupado polas persoas, por Juan e M<sup>a</sup> Jesús, polo que nós chamamos o Vigo dos cidadáns.

Eu sei que vostedes estarán pensando que estes son oito lemas publicitarias para vender o produto e que non hai nada detrás disto. Tentarei demostrarlles que si, que detrás de cada unha destas verbas hai unha concreción dunha política e sobre todo hai unhas cifras para que isto se poida executar porque un orzamento ten que ser antes que nada executable.

O orzamento é austero, sobre todo naquelas partidas de gasto onde debemos aplicar unha maior e máis importante política de austeridade porque na nosa opinión dentro do orzamento había partidas completamente desorbitadas e partidas que eran de gasto improdutivo polo que optamos por cortar esas partidas, reducilas e aplicar unha política de austeridade. Coma lles contaba hai 6 ou 7 meses a partida de publicidade reduciuse aproximadamente un 50%, a partida de dietas reduciuse tamén un 50% e a verdade que teño un inimigo na casa, o Sr. San Luis, porque a partida de protocolo tamén se reduciu nunha contía superior ó 50%.

Todo iso fixémoslo para tentar darlle máis produtividade a esas partidas de gasto. Polo tanto ese é o primeiro punto do orzamento.

Dicíalles que a segunda verba era audacia. Este é un orzamento audaz e digo que é así porque malia a información que lles estou dando sobre a redución dunhas partidas de gasto, a partida do Capítulo II de gastos correntes de bens e servizos creceu máis do 20% tendo moi en conta que neste orzamento se produce a ampliación pero sobre todo a modificación dunha serie de contratos que son fundamentais para os cidadáns que nós recollemos e polo que temos que asumir ese incremento de custo dese contrato. Insisto que malia todo o Capítulo II de gastos correntes de bens e servizos increméntase un 20% demostrando a audacia do orzamento.

O terceiro punto do que lles falaba era dun orzamento investidor e isto é máis doado de ver porque se suman o Capítulo VI e o VII, Capítulos que hai que ter en conta para esta análise, verán que o orzamento acada no seu investimento 20,5 millóns de euros que é unha marca histórica para esta

entidade, pero cunha particularidade que me gustaría suliñar especialmente: que por primeira vez nos últimos anos e na contía da que lles vou falar este investimento non se vai facer na súa totalidade con cargo ó endebedamento, senón que 2 millóns de euros deses 20 millóns, é dicir un 10% aproximadamente, van ser obtidos mediante reducións en partidas de gastos de bens e servizos, evidentemente que con iso se mellora a capacidade de investimento das contas municipais e crece o investimento municipal nun 11%.

En cuarto lugar dicía que é un orzamento de liquidación; é así porque, unha vez que se aprobe o documento orzamentario, poderemos proceder a pagar e liquidar todas as débedas que están pendentes con provedores e que veñen de gobernos anteriores. Como saben hai seis meses eu dicíalles que a capacidade investidora do Concello estaba limitada en máis dun 40% por investimentos consignados por gobernos anteriores e que non estaban pagados. A partir da aprobación deste orzamento todos eses investimentos, todo ese gasto pendente quedará completamente saldado e iso significa que é un orzamento de liquidación.

En quinto lugar dicía que é un orzamento de motivación e vou tratar de explicar. Coido que rachamos cunha case que tradición de confrontamento continuo cos representantes dos traballadores, cos Sindicatos desta Casa, establecimos canles de diálogo con eles e dentro do orzamento hai algúns elementos que acordamos para a motivación do persoal desta Casa. Vostedes saben que esta é unha institución e que unha das súas bases é a prestación de servizos, por iso coidamos que a motivación dos empregados municipais, dos traballadores que prestan os seus servizos nesta Casa é fundamental para a mellora da eficacia e da eficiencia na prestación dos servizos.

O sexto punto do que lles falaba é que é un orzamento preocupado polos gastos sociais, polo benestar social como non podía ser doutro xeito tendo en conta o perfil da nosa Alcaldesa. Só me vou referir ós números que están aí e as partidas de Benestar Social crecen un 29% e unha partida fundamental na miña opinión, que é a de Educación, crece un 25% lembrando que por exemplo hai unha nova gardería na rúa Palencia. Se seguise verían que o orzamento ten un grande compromiso cos asuntos sociais.

Co sétimo punto non vai estar completamente de acordo o meu compañeiro Sr. Iglesias aínda que supoño que estará algo de acordo, é que é un orzamento de mantemento e embelecemento da cidade. É evidente que queda moitísimo por facer, que nun orzamento non se pode cubrir toda esta necesidade e que temos moito camiño que andar, pero no orzamento se marcan unha serie de

liñas de actuación para que a cidade estea cun mellor mantemento e en todo caso máis bela. A partida de parques e xardíns crece máis dun 20%, a de electromecánicos un 22-23% e a de limpeza tamén crece por riba do 20%.

Por último dicíalles que este é un orzamento para as persoas, para Juan e M<sup>a</sup> Jesus, non se esquezan deles porque son moi importantes.

Mantemos o grao de investimento e gasto en cultura, vostedes saben que xamáis é suficiente pero é importante dentro desta Casa, manténdoo crece a partida dedicada, por exemplo, a museos nun 120% aproximadamente, a partida de mantemento de praias, as nosas preciosas praias, nun 114%, e na miña opinión dúas partidas moi importantes para os cidadáns que viñeron sendo reclamadas continuamente: a partida de deporte crece 140%, sei que me van dicir que están incluídas as obras de Balaídos no millón e medio de euros, pero malia todo a partida de deportes crece en torno a un 50-60% e o 25% crece a partida de gasto do IMD.

Estas son as oito verbas, que non lemas, que coma lles dicía definen o orzamento e me permiten presentar de verdade, coa certeza íntima de que lles presento un orzamento que é coherente, consistente e que está pensado para o levar á práctica, para o levar adiante.

Non me gustaría deixar de lado que ó longo do camiño tentamos poñermonos en contacto cos Grupos da oposición que se mostraron dispostos a falar connosco e aínda que desgraciadamente non foi posible chegaren a un acordo, si que achegaron cousas importantes ó orzamento que se consideraron coma moi válidas e que se engadiron para mellorar e facer o mellor orzamento posible para esta cidade.

Pasando a unha análise un pouquiño máis técnica, se mo permiten vou tentar seren o máis breve posible, coido que o máis salientable que lles teño que comentar e polo que vou empezar, é que con este orzamento a Institución acada a súa marca de recursos dispoñibles, cuns 188,5 millóns de euros e crecendo un 10,79% respecto ó orzamento de 2003 que era o de referencia.

Débolles dicir que os ingresos correntes ascenden a 169 millóns de euros e os gastos correntes son 148 millóns de euros respectándose o equilibrio entre masas orzamentarias que pide a Lei.

Non quero ter ánimo exhaustivo pero si preciso que M<sup>a</sup> Jesús e Juan comprendan un pouco mellor o orzamento e por iso lles quero explicar algúns datos.

En canto ó orzamento de gastos, Capítulo I, gastos de persoal, este Capítulo coma vostedes saben é fundamental dentro da acción deste Concello e reflicte unha dotación de 50,7 millóns de euros, cun crecemento de 8,48%,

un pouco por debaixo da media do que crece o orzamento supoñendo o 27% do total do orzamento de gasto. Nese sentido se tivo en conta a Lei de grandes cidades, como non podía ser doutro xeito, coa creación de 5 novas prazas que de acordo con esta Lei permitirán unha mellor organización e unha mellor defensa dos dereitos dos cidadáns.

Por outra banda, froito das negociacións cos Sindicatos, das demandas dos xefes de servizo e tamén da nosa propia apreciación sobre a estrutura do Concello, creáronse 26 novas prazas que para nós son imprescindibles para unha mellora da actividade municipal. Deste xeito e descontadas as baixas que se producen, o cadro de persoal ó servizo da Corporación acada as 1.371 persoas dende unha cantidade de 1.357 no ano 2003. Por suposto que as retribucións dos empregados municipais aumentáronse nun 2% tal e como indica a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Por último, recóllese neste epígrafe do Capítulo de gastos de persoal a creación, froito das negociacións co Comité de Empresa, dun fondo de 660.000 euros para atender eventuais axustes nas retribucións complementarias de determinados postos da RPT.

Capítulo II, gastos en bens correntes e servizos; é o apartado de maior contía do orzamento con 74,6 millóns de euros o que significa un crecemento respecto do ano anterior de case que un 20%. É importante dicir que este Capítulo do orzamento de gastos pasa do 37% ó 40% do total de gastos.

Como lles dicía antes baixo este epígrafe recóllense os custos dos distintos contratos de prestacións de servizos, asumindo a onerosa actualización nalgúns casos así como algunhas ampliacións e novos contratos como son os de mantemento da rede semaforica, de túneles, a recollida selectiva de lixo entroutros. Tamén quero salientar a acusada redución, coma comentei antes, dos gastos que nós coidamos improproductivos e que foron liberados para outras partidas de gasto e para investimento.

En canto ó Capítulo III de gastos financeiros só salientar que se produciu unha redución moi apreciable desta partida, un 32,9%, coma consecuencia da redución do endebedamento municipal e tamén, por suposto, da evolución favorable dos tipos de interese. Neste sentido coido que será interesante para os cidadáns saber que a débeda viva deste Concello a 31 de decembro de 2003 era de 108 millóns de euros e que a 31 de decembro de 2004 esa débeda é de 89 millóns de euros, cunha redución de 20 millóns sobre o ano precedente. Por suposto que o Goberno non pensa afrouxar o ritmo no sentido da redución da débeda.



Capítulo IV, transferencias correntes. A cantidade prevista para atender os gastos en concepto de transferencias deste Concello é de 18,3 millóns de euros crecendo un 14% respecto do ano 2003 e debo sinalar que as transferencias municipais a organismos autónomos acadan 7,6 millóns de euros crecendo por riba da media orzamentaria pola maior dotación das partidas da Xerencia de Urbanismo e do IMD, tal e como dixen con anterioridade.

Capítulos VI e VII, investimentos reais e transferencias. Coido que pola importancia deste Capítulo merece que nos detamos nel un momento. Neste sentido é unha realidade, é un feito constatable que dos 20 millóns e medio de euros hai unha parte importante que ten que ir destinada ó pagamento de compromisos que esta institución municipal ten con provedores asumidos hai xa algúns anos. Partidas coma a liquidación do Verbum, 1.800.000 euros, liquidación do MARCO, 1.000.000 euros, entroutras ata un total ó principio do noso mandato de 8.000.000 de euros teñen que seren liquidadas con cargo a este orzamento.

Sen embargo o proxecto que agora analizamos presenta varias iniciativas que na miña opinión son de interese para os cidadáns desta cidade coma o Pazo de Congressos, con 2 millóns de euros, a aportación ó proxecto Vigo-2005, millón e medio, e ademais reflíctense noutras cuestións imprescindibles para a seguridade coma as reformas de emerxencia no Estadio de Balaídos, a dotación do Plan de Emerxencia que o ano pasado mencionaba o Sr. Soto, vehículos para Bombeiros, escaleira de emerxencia deste Concello (suman 600.000 euros), melloras en varias rúas e zonas coma a humanización da Travesía de Vigo cunha primeira fase de 800.000 euros; dicíalles antes que mellora no acceso ás praias tan importante para esta cidade, 144.000 euros e diversas actuacións en Coruxo, Bouzas, Teis, Serafín Avendaño, A Pedra, Travesas e outras zonas da cidade.

Tamén se contén no orzamento de investimentos a construción dunha gardería infantil na rúa Palencia, 230.000 euros, e moi importante tamén a mellora de infraestructuras deportivas coa cuberta do Pavillón de Cabral, as obras tan demandadas das pistas de atletismo de Balaídos, a construción dun campo de fútbol de herba sintética e a construción de dúas piscinas en Coia e Valladares xunto con outras partidas coma a dedicada ó Museo de Castrelos, sen dúbida conforman o compromiso deste Goberno de Vigo coas persoas que lles mencionaba.

Finalmente a cantidade consignada para o Capítulo IX de pasivos financeiros refírese ás cotas de amortización dos créditos consolidados e acada 18,7 millóns de euros crecendo 6,5% por debaixo da media do orzamento.

Quédanos a outra pata do orzamento, para non seren moi áridos, o Capítulo de ingresos e, como non podía ser doutro xeito, o orzamento preséntase cadrado coma é obvio, o Capítulo de ingresos acada 188 millóns e medio e debo dicirlles que, como vostedes saben, o Capítulo de gastos ten un contido xurídico moi concreto, está claro o que hai que definir. O Capítulo de ingresos é mais ben unha estimación dos ingresos que estimamos para cubrir eses gastos e dígolles que a metodoloxía que se utilizou para ese cálculo de ingresos, que é unha forma de cadrar un orzamento, foi exclusivamente técnica e cun carácter o máis conservador posible para evitaren problemas posteriores. Para iso tivemos en conta dereitos liquidados no ano 2004, estudos económicos, o IPC previsto e sobre todo previsións da realidade económica da cidade que fan que se poidan incrementar os ingresos na medida contificada no orzamento.

Tendo en conta todo iso téñolles que dicir que os ingresos correntes, Capítulos I ó V, supoñen un 90% do total dos ingresos deste Concello e deles o Capítulo I supón un 42% (eses son os impostos directos) sendo especialmente destacado o IBI que supón unha recadación duns 43 millóns de euros aproximadamente, crecendo un 15% sobre o ano 2003. A explicación disto é ben sinxela: hai un incremento do valor catastral fixado polos orzamentos xerais do Estado, hai moitas altas novas e por suposto a entrada en vigor da nova ponencia parcial de valores que todos vostedes coñecen.

O Capítulo II, impostos indirectos, é a partida de ingresos que crece máis, un 135%, e a explicación disto é que hai unha nova estrutura de cesión de ingresos por parte do Estado e aquí consígnase a cesión pola recadación do IVA e polos impostos especiais, deste xeito esta referencia de impostos indirectos acada 10,8 millóns de euros chegando seren o 6% do total do Capítulo de ingresos.

Por último o Capítulo III, taxas e outros ingresos, acada 26 millóns de euros crecendo un 15%. Isto pódese acadar por dúas razóns, primeiro pola dinámica de crecemento económica da cidade e, segundo, por unha mellor xestión de ingresos que se está producindo neste Concello.

Finalmente a segunda partida en importancia dos ingresos é a de transferencias correntes, doutras administracións e do Estado, que acada 51,3 millóns e gustaríame salientar, porque foi obxecto dunha moción hai relativamente pouco tempo, o incremento da dotación por parte da Comunidade

Autónoma que acada os 4,6 millóns de euros neste exercicio, cando nun orzamento anterior coido que non chegaba ó millón e medio ou unha cousa así.

Coido que con este orzamento cumprimos a nosa parte. Presentamos un orzamento coherente coma xa lles dixen, consistente e sobre todo factible, que é posible facer e que como lles dicía está pensado en Juan e M<sup>a</sup> Jesús e está pensado para o Vigo dos cidadáns.

Obviamente nós non temos máis que dez votos, somos conscientes da nosa, digamos, forza en número de votos pero esperamos que vostedes reflexionen sobre iso e nese sentido quería lles comentar unha frase dun premio nóbel de Economía, seguramente o meu querido profesor Carlos, lembraraa que di que é máis fácil convencer a alguén de ideas novas que lle quitar as antigas. Neste sentido vostedes teñen a palabra.

SR. SOTO FERREIRO: Bo día, Sra. Alcaldesa, compañeiros e compañeiras de Corporación e señoras e señores.

Sr. Guerra, teño que empezar por felicitalo porque a estrutura orzamentaria mellorou sensiblemente con respecto ó que había no pasado, polo tanto vaia por diante esa felicitación, o que non quere dicir, como xa lle dixen a vostede, que esa actuación non se poida mellorar, que aínda non se poida mellorar máis o feito de rebaixar máis os gastos improductivos que eran absolutamente desorbitados como veño denunciando dende hai anos neste Concello e tamén a redución de gastos financeiros. Pero nese sentido vostede vai nunha boa dirección, vostede e os asesores municipais que lle prestan a súa asistencia, polo tanto eu téño que felicitar por aí.

Tamén no aspecto de ingresos hai certas melloras, hai algunhas melloras a efectos de recadación fiscal atendendo algunha delas ás suxestións que fixen no pasado e tamén saúdo iso positivamente. Pero tamén sabe vostede que eu penso que é insuficiente o traballo que están a facer nese campo e díxenlle xa nunha ocasión que sei moi ben do que falo porque xa fixen ese traballo anteriormente cun resultado moito mellor do que vostedes están a obter, polo tanto é manifestamente mellorable. Por conversas que tivemos coido que vostede e máis eu estamos bastante próximos en pensamentos sobre este tema, pero pasa que vostede politicamente ten un lastre de goberno que non sei en qué consiste nin lle pido que mo explique publicamente, pero se vostede e máis eu pensamos cousas semellantes e vostede non executa ese tipo de accións é que algo lle impide a vostede facelo. Gustaríame que

deran pasos nesa dirección porque governe quen governe iso sempre será positivo para a cidade.

Esa falla dunha mellor estrutura orzamentaria sería unha das cousas que a nós nos impediría votar a favor, pero tamén dixen anticipadamente, sen saber mesmo cal ía ser o resultado da atención ás emendas que nós lle presentamos, que nós xamáis fixemos política de obstrucción nin de obstaculización e que, por exemplo, hai partidas que non citaron coma a de rehabilitación de fachadas, ou saneamento do rural, ou mellora do amoblamento de parques, ou humanización de Travesía de Vigo, ou creación de salas de estudo, ou incremento de subvencións (para nós é un tema importante) ós comedores da Esperanza, monxas de Paul, Misioneiros dos Enfermos Pobres, DOA, Asociación do Cancro..., é dicir, hai cousas que a nós nos merecen suficiente crédito como para non obstaculizalas ou para querer que se fagan aínda que eu podería ter outras ideas nalgúns outros aspectos.

Ademais teño que saudar temas moi concretos e aludiu vostede a algún deles. Teño que saudar que estea unha partida para un centro de emerxencia social porque unha moción nosa aprobose nesta mesma Corporación e polo tanto que se materialice fainos felices. Ou que teña vostede unha partida do Pazo de Castrelos que eu lle propuxera coma emenda no orzamento pasado e que lamentablemente non prosperou, pero que vostede a mete de motu proprio agora. neste orzamento; ou que teña outro tratamento similar o Plan de Emerxencias Municipal sobre o que nós fixemos tamén unha emenda orzamentaria que non prosperou e que a metan vostedes agora; tamén que a nosa intervención anterior pedindo supresión de barreiras arquitectónicas e medidas concretas, incorpórena vostedes aínda que para nós non suficientemente. Polo tanto hai elementos de suficiente entidade neste orzamento como para lles dicir que eu non o quero obstaculizar. Pódolle facer críticas políticas coma lle fago á política de ingresos, tamén nalgún aspecto á política de gastos, a cómo xestionar o gasto, pero dende logo que xamais imos obstruír isto.

Pero independentemente de que lle presentamos unha serie de emendas que son coñecidas, nós pedimos que se amplíe a partida de supresión de barreiras arquitectónicas, que amplíen a partida das pistas de atletismo ata permitir que poidan estar operativas, senón non o estarían. Se non complementan cos 80.000 euros que nós lle pedimos sobre a partida que teñen, as pistas non serán homologables e non se poderán realizar competicións nelas o que é gravísimo, coido que indigno para unha cidade coma Vigo. Tamén lle

propoñemos que habiliten unha partida para a construción dun centro socio-cultural en Coia, algo que de non pasar nesta cidade o que pasou xa estaría feito hai moitos anos; e semellante tratamento en Cabral-Feira.

Dicíalle eu, cando falei con vostede sobre estas propostas, que a min me servía se o facían orzamentaria ou extraorzamentariamente, tampouco teño por qué non dicir en público o que lle dixen en privado. Díxenlle que vostedes tiñan que tentar utilizar as boas relacións que se lle supoñen coa Deputación e coa Xunta de Galiza para facer cousas que ó mellor non lle collen no orzamento de Vigo; tamén lle dixen cousas coma esa por exemplo sobre partidas coma estas porque non sería a primeira vez que mesmo intervén a Xunta de Galiza e dinlle o exemplo concreto: cando era Conselleiro o Sr. Cuiña meteu unha partida importantísima, que eu lembre de memoria no centro socio-cultural de Bembrive, partida moi importante para rematar un salón de actos; pois aí hai precedentes nos que se poden albeirar.

Tamén lle pediamos que se cumpra un compromiso histórico e que a cidade tamén teña un grupo escultórico, concretamente do Sr. Quesada, e así mesmo lle pediamos un acordo extraorzamentario asinado polo meu compañeiro, Sr. Alonso, en dúas direccións: que dunha vez por todas Vigo teña o saneamento que debe, que é a mellor operación de defensa do medioambiente que se pode facer en Vigo e seguramente en Galiza pola súa entidade e rematar de sanear Vigo para que realmente Vigo non contamine a súa Ría.

Estamos demasiado atrasados neste capítulo e realmente é insostible que a Xunta de Galiza sega mirando para outro lado. Eu non comprendo que vostedes poñan aí unha partida para un proxecto de depuradora e así o dixen, non sei se a vai manter ou non pero me dixo que me respostaría no Pleno. Eu coido que gastarán vostedes cartos superfluamente de o levaren adiante así porque é a Xunta de Galiza, a través de Augas de Galiza, quen ten que facer ese proxecto e quen realmente ten que materializar a construción da piscina e non o Concello de Vigo porque son temas que cadran nas competencias directas da Xunta de Galiza. Se vostedes non son quen de xestionar coa Xunta de Galiza nin o que son realmente as súas competencias directas, entón apaga e ímonos.

Dixen tamén que sendo iso moi urxente tamén hai outra cousa extraordinariamente urxente. Hai un par de anos viña un ano seco, outro tamén e empezamos a rezar todos en Vigo para que chovera. A verdade non só é que sexa unha falla de previsión alucinante, senón unha falla de capacidade de execución porque eu teño comentado en máis dunha ocasión que

deixei a Alcaldía de Vigo cun anteproxecto para que se fixera un trasvase do Verdugo-Oitavén e así garantirlle auga a Vigo e á súa área metropolitana para moitísimos anos.

Este é un tema capital por dúas razóns, primeiro polo benestar das xentes que vivimos na área metropolitana e en segundo lugar non pode haber industrialización se non hai auga, é imposible. Polo tanto vostedes neste caso, refírome ó Partido Popular na Xunta de Galiza, se non fan esta obra están xugulando o principal xerador de empregos que pode ter Galiza que é a área metropolitana de Vigo e polo tanto amolando a política de creación de empregos de Galiza. Velaí o por qué lle pedimos un acordo extraorxamentario que non ten que lle custar cartos ó Concello. Eu non lle vou pedir que se comprometan a facelo, son conscente que iso lle corresponde á Xunta de Galiza coma decisión, pero si lles pido o seu compromiso firme para traballar nestes temas e polo tanto que asuman a responsabilidade política de traballar nesa dirección.

Por último nós fixemos tamén unha moción que coma moitas cousas na vida pode ser controvertida, hai quen opina que si e quen opina que non; nós mantémola con todas as consecuencias. Coido que humanamente, cando hai un desastre de tal magnitude e de tal nivel coma o que houbo no sureste asiático, isto non é ser de esquerdas nin de dereitas, isto é seren persoas, aínda que ás persoas progresistas eu supoñíalles teoricamente mellor talante para facer algunhas cousas, pero é sinxelamente de persoas. Eu dicía que o gasto das festas de Vigo, sendo interesante e bo (eu non son anti, senón pro-festas) ó mellor esta cidade podería decidir non ter festas un ano e adicar a partida orxamentaria a que deixe de morrer moita xente porque nin siquera se trata de axuda ó desenvolvemento, non, sábese e hai datos terroríficos da ONU que pode morrer máis xente por epidemias logo desa catástrofe, dos 200.000 lamentablemente contabilizados xa coma mortos directos por esa bárbara desgracia. Coido que Vigo é unha cidade xenerosa e estou absolutamente convencido de que a enorme maioría dos cidadáns asumiría a responsabilidade se lle deramos a oportunidade e de tomar ese tipo de decisións. Non sei a que queren tomar vostedes pero nós lles propoñemos iso con firmeza.

Se vostedes len as emendas que lles facemos decatáranse que queremos simbolizar algunhas cousas coma melloras en aspectos deportivos, en temas de medioambiente, de industrialización e creación de emprego, temas socio-culturais e cívicos cos centros a construír, de mellora do ambiente urbano pedindo que se instale un grupo escultórico en Vigo. Tamén lle pedín unha

partida para que o que aprobamos neste Pleno por unanimidade, o Consello Social da Língua, teña unha partida orzamentaria para que poida funcionar que vostedes non o consignaron no orzamento e aquí tomamos acordos que logo semella que non serven para nada. Para nós é importantísimo en dúas direccións: é unha política cultural que nós defendemos e somos conscientes de que compartimos con moitas outras persoas en Vigo e Galiza e defender o cerne principal da nosa cultura que é a nosa lingua.

Polo tanto velaí o por qué dunhas propostas que respostan ou son indiciarias dun pensamento político e que queren atallar algúns dos problemas que vemos neses orzamentos, sen prexuízo de que mesmo se vostede me dixera que non a todo, nós non obstaculizaríamos eses orzamentos e así de claro o dixen. A partir daí espero que do mesmo xeito que eu lle estendo a man con absoluta responsabilidade polo ben desta cidade, vostedes o asuman co mesmo sentimento.

Déixeme facerlle un comentario final. Coido que teñen que afinar máis na xestión dalgunhas cousas. Vostedes fan unha consignación que eu teoricamente aplaudo: piscinas en Coia e Valladares, fantástico. Pero miren ¿por qué temos que facer iso con cartos municipais? ¿por qué non se fai como por exemplo fixeron en Barcelona os señores Maragall e Closs, que chegan a acordos e son privados con control de prezos públicos os que fan os orzamentos porque os prezos das piscinas son os mesmos que poñen os Concellos cando son cartos municipais e realmente o Concello ten partidas para dispoñer para outros mesteres? Díxenlle un par de exemplos aínda que podo nomear outras cidades pero é que na cidade de Barcelona fixeron políticas moi boas nesa dirección.

Realmente coido que é manifestamente mellorable a xestión en distintos aspectos e non deberían estar tan lonxe do seu pensamento cousas coma estas, nin lonxe doutros pensamentos porque o aplicaron eminentes compañeiros socialistas e así o acabo de citar.

Insisto, que diga que os orzamentos son mellorables non quere dicir que non se aproben.

Para rematar, con valentía: xustiza e legalidade demasiadas veces (polo menos na miña opinión) non adoitan ir da man, ás veces a xustiza é unha cousa e a legalidade outra, pero nun Estado de Dereito todo o mundo estamos obrigados a cumprir a Lei e a min hai algún tema no orzamento sobre o que, se ninguén o recorre, eu non vou facer nada, pero me permito dubidar seriamente da legalidade e dígoo con coraxe política e sei que semella que

isto escoce porque ó mellor non gusta, pero eu dubido seriamente de que a partida que empregan vostedes no Capítulo I poida ser legal.

Queda dito, se queren reflexionar sobre iso e asumir responsabilidades fáganno, eu dende logo estounas asumindo dicindo o que digo. Falo da partida que se refire a esas retribucións extrasalariais, etc., pero non me faga ir máis aló porque non quero ir máis aló, non estou para torpedear orzamentos, nin para chamar a ninguén de dentro ou de fóra para que o faga, pero si que lle teño que dicir as cousas que penso e que non agacho porque como dicía Pablo Iglesias "A verdade haina que lle dicir ós traballadores aínda que non lles guste escoitala".

Pois dito isto, recollo o discurso positivo que merecen os orzamentos que presentan porque son para min bastante mellores que os que había. Só por iso e ademais pola razón de que pensar en Vigo é pensar en que se fagan cousas por Vigo aínda que non sexan as que nos fariamos, ímonos abster.

SR. TOBA GIRÓN: Bo día a todos e a todas. Debullemos o orzamento dende o inicio, dende a perspectiva do noso Grupo e o inicio de calquera orzamento é sempre a Memoria da Sra. Alcaldesa que debe seren o documento que exprese os anxeios, as definicións, os obxectivos, as orientacións, as ideas que definen o proxecto orzamentario que ó cabo non é máis que a decisión dun goberno, con toda a lexitimidade, de desenvolver o que é o seu programa político.

Este documento que se denomina "Aproximación ós orzamentos municipais do ano 2005" e que entendemos, porque así debe ser, é o baseamento político das definicións orzamentarias, das definicións dos Capítulos de gastos e ingresos, das diferentes partidas e polo tanto dos obxectivos deste Goberno, só pode ser calificado coma un documento sen ideas, onde non se expresa ningunha idea, son cifras (logo falarei das cifras), non se achegan nin ideas, nin actuacións, sen orientación política e que traslada a falla de orientación política ó conxunto do documento orzamentario, non ten orientación política. En relación coa definición das partidas de gasto é un documento desmesurado, desmedido pero que se caracteriza por seren desmedido sen orientación e sen ideas e a desmesura nese caso só expresa mala xestión política.

Vaiamos por partes. Eu vou utilizar en troques de porcentaxes números absolutos porque seguramente os amigos do señor Concelleiro de Facenda me van entender mellor porque niso si coincido co Sr. Guerra, cando se debate un orzamento débátense as contas municipais que importan ós seus amigos, ós



meus, ós cidadáns de Vigo e cómpre procurar seren claro, polo tanto o debullarei en cifras absolutas permitíndome logo o uso de cifras relativas no momento axeitado.

O orzamento deste ano con respecto ó ano 2003 aumenta máis de 18 millóns de euros, o 10,8%, é un aumento moi importante que se apoia no cambio de tendencia dos ingresos desta Administración. Se analizamos o orzamento de ingresos, dos 18 millóns de euros aproximadamente que aumenta o orzamento de ingresos, 18.308.000 euros nacen do aumento das operacións correntes e só 48.000, escasamente 50.000 euros, nacen das operacións de capital, o incremento deriva da boa marcha dos ingresos desta Administración.

Dito doutro xeito, en primeiro lugar vostedes atopan unha administración saneada na política de ingresos, unha administración que permite que o 99% do incremento do orzamento de ingresos derive das operacións correntes. Efectivamente vostedes atópano, qué casualidade, pero está ben, iso quere dicir que o traballo realizado nos anos anteriores trouxo unha facenda local saneada, en mellor situación da que estaba hai algúns anos e cun proceso de redución de débeda e de redución de gastos financeiros xa iniciado e que evidentemente deberían vostedes continuar. Cónstame que a continuarán na medida en que a tendencia xa está francamente imprantada nos magníficos servizos económicos que ten esta Corporación.

Logo falarei dalgún aspecto dos ingresos pero no seu momento, neste momento hai que dicir o que se transluce da documentación.

Vostedes atoparon unha administración saneada, cun incremento moi importante dos ingresos por operacións correntes e os ingresos derivados de capital representan practicamente nada, 50.000 euros, non hai ningún incremento máis con respecto ó ano 2003. Iso expresa o que é evidente: que vostedes non xestionaron ningún ingreso procedente doutra Administración. O Capítulo de transferencias de capital, é dicir, o Capítulo que define os compromisos doutras administracións con este Concello está a cero e esa é unha diferenza moi importante con respecto ó orzamento de 2003, do 2002 e do 2001 e é que naquel momento había un Plan de investimentos, efectivamente, pero unha parte del procedía de fondos europeos. Vostedes non xestionaron absolutamente nada de fondos europeos, aquí non hai transferencias de capital da Xunta de Galiza. Non falarei das transferencias da Deputación que no ano 2003 eran absolutamente ridículas e que neste momento están suxeitas a un convenio que é francamente gorentoso pero do que me sinto orgulloso porque, coma ben sabe o Sr. Figueroa, ese convenio nace dunha emenda presentada polo Grupo provincial do BNG no

debate de orzamentos da Deputación do ano pasado e polo tanto estou encantado, solidamente encantado. Coma tamén o estou de que aumenten as transferencias da Xunta de Galiza, transferencias correntes que houbo que conquistar dende o Pleno da Corporación no mandato pasado e mesmo coa abstención do Partido Popular nunha moción presentada por min cando había que acadar que o Sr. Orza cedera e acadamos que o fixera nos Tribunais, lamentablemente para o Sr. Orza e en beneficio da cidade de Vigo. As operacións de capital no seu conxunto apoiáanse nunha operación de débeda de 18 millóns de euros que é a operación de débeda que pode sustentar esta facenda local.

En conclusión, ingresos: vostedes atoparon unha organización saneada economicamente, non acadaron transferencias de capital doutras administracións e o resultado é que o Capítulo VII de transferencias está a cero. Logo falaremos do Capítulo de transferencias de gastos que ese si que non está a cero, coma ben sabe o Sr. Guerra.

Falemos dos gastos porque efectivamente claro que está equilibrado o orzamento, hai algún problemíña pero non se trata diso hoxe e efectivamente os gastos increméntanse noutros aproximadamente 18 millóns de euros. Eses 18 millóns de euros en que aumenta o gasto e que pode aumentar o gasto en razón dunha política de ingresos que vostedes sinxelamente herdán, ¿ónde se emprega ese gasto? Iso é o que queren saber os amigos do Sr. Guerra que achegan 1.500 euros/ano ás arcas municipais segundo entendín. ¿En qué se emprega esa capacidade de gasto superior que vostedes atopan? ¿en qué se empregan eses case 3.000 millóns de pesetas que vostedes atopan se ter movido unha pestana?

Pois miren, 4 millóns aproximadamente van ó Capítulo I, 12 millóns vanse ó Capítulo II e 2 millóns (un pouco máis) ó Capítulo IV de subvencións. Basicamente, porque iso dá aproximadamente uns 16 millóns de pesetas que ven sendo o 85% do conxunto do incremento. Vostedes empregan ese incremento de gasto en alimentar eses tres Capítulos, non conta o Capítulo III que efectivamente se reduce, como non podía ser doutro xeito e redúcese polo mercado do Euribor fundamentalmente e a redución da débeda, cousa que vostedes tamén herdán porque ó longo deste tempo non operaron en crédito, esta vai ser a primeira vez e logo veremos coma operan vostedes en crédito. Vostedes herdán unha actuación de redución de débeda pactando coas entidades financeiras operacións que vostede ten que recoñecer que teñen teito, non teñen solo e polo tanto aproveitamos todas as baixadas e ademais nalgún caso teñen diferencial cero. Ese é o listón que lle queda, Sr.

Guerra, porque as operacións que o Partido Popular na súa anterior xeira deixou e que francamente estaban en mal estado, van sendo amortizadas aínda que cun custo máis alto. O ano que ven se notará probablemente con toda seguridade unha redución da amortización productiva de que aquelas famosas operacións que o Partido Popular fixo polo ano 96 ou 97 e das que non quero falar, van sendo amortizadas e productiva de que vostedes reciben unha herdanza de xestión da débeda de calidade. Quedará por ver qué van facer vostedes agora coa súa operación e cómo incide esta no Capítulo III.

Polo tanto o resultado é que o gasto asígnase basicamente ós Capítulos I, II e IV; 12 millóns ó Capítulo II, case 4 millóns ó Capítulo I e 2 millóns ó Capítulo IV. Só 2 millóns se van ó Plan de Investimentos, Sr. Guerra.

Pero agora é o momento de voltar á Memoria da Alcaldía e revisar esas cifras, reconsideralas e discutilas porque ten parágrafos realmente fantásticos. Di: "É un orzamento audaz (vostede reproduciu o termo audaz) porque o principal incremento de gasto corrente prodúcese no incremento das subvencións e transferencias". Pois non é verdade, está vostede errado. A Sra. Alcaldesa asinou un papel que non atende á realidade dos datos porque o Capítulo que máis crece, Sra. Alcaldesa, non é o Capítulo de subvencións coma vostede di na súa memoria, o Capítulo que máis crece é o Capítulo II que crece 12 millóns de euros, seis veces máis que o Capítulo IV e isto non está ben. A vostede, Sra. Alcaldesa, puxéronlle diante un papel que non coincide coa análise dos datos.

Di máis: "Ademais este é un documento investidor que eleva ata 20,5 millóns de euros a capacidade de investimento (logo falarei disto). Cabe suñar que este incremento non se deriva de novas operacións de crédito". Non, este incremento derivase efectivamente dunha nova operación de crédito de 18 millóns de euros. No ano 2003 tamén houbo unha operación de crédito, efectivamente, pero de 14 millóns de euros e a diferenza é que había case que 4 millóns de euros que procedían de fondos europeos. A diferenza é que vostedes van a unha operación de 18 millóns de euros, no ano 2003 foise a unha operación de 14 millóns de euros pero é que no ano 2003, como no 2002, como no 2001 si que houbo transferencias de Capital a esta administración, vostedes non as teñen. Sra. Alcaldesa, enganárona de novo porque este incremento derivase de novas operacións de crédito, están os datos enriba da mesa, 18 millóns de euros.

Polo tanto deixemos descansar inicialmente a Memoria da Sra. Alcaldesa, que entendo que tamén é a Memoria do Sr. Concelleiro de Facenda na medida en

que sucintamente son os mesmos conceptos que el referenciou e voltarei posteriormente a esta Memoria.

¿Cal é o resultado en conxunto? Evidentemente ó desapareceren o Capítulo de transferencias de capital procedentes doutras administracións e aumentar o Capítulo de transferencias nosas a outras administracións, fíxense que curioso, o Concello de Vigo inaugura unha nova etapa, non recibimos transferencias doutras administracións pero si llas facemos nós. Esta si que é unha etapa rotundamente nova e nese sentido o seu orzamento non é audaz, é ousado, ten un significado distinto.

Vostedes son ousados que non audaces porque inauguran unha nova etapa, en troques de recibir cartos doutras administracións agora mandámoslos nós, isto si que é novedoso. Agora ben, dende o meu punto de vista e dende o do noso Grupo non é unha idea feliz porque seguramente os amigos do Sr. Guerra, coma os meus amigos, o que desexan é que esta Administración e os seus xestores acaden fondos doutras administracións e non que entreguen fondos da Administración Local, deses famosos 1.500 euros que os seus amigos achegan ás arcas municipais, a outras administracións. Esperan de vostedes algo distinto: o esforzo da xestión, da consecución de fondos; iso é o que esperan os seus amigos e non que vostedes collan a súa aportación na súa parte alícuota e desvíen unha parte a subvencionar a outras administracións.

Ademais isto trae consigo o empeoramento de variables que hoxe só se apuntan, pero segan vostedes por este camiño e comprobaremos como o traballo realizado en catro anos se pode desmontar en moi pouco tempo porque neste momento estamos en estabilidade orzamentaria polos pelos, Sra. Interventora. No ano 2003 se sumabamos os Capítulos I a VII de ingresos e I a VII de gastos a diferenza era de máis de 3 millóns de euros. Ningún Concello de toda Galiza estaba nesa situación, só o Concello de Vigo. Pois, Sr. Concelleiro de Facenda e Sra. Alcaldesa, se nestes momentos suman os Capítulos I a VII do orzamento de ingresos e I a VII do orzamento de gastos a diferenza é de 300.000 euros. Reduciron vostedes esa diferenza nun único orzamento de 3.000.000 de euros a 300.000 euros. Estamos aviados, Sr. Guerra, porque empezan a empeorar as variables e só están vostedes empezando.

Vaiamos máis aló debullando coma se produce a modificación do Capítulo de gastos.

En primeiro lugar o incremento de cáseque 4 millóns de euros no Capítulo I. Ó longo do mandato pasado nós incrementamos este capítulo, sempre o hai que

incrementar atendendo evidentemente ós propios custos do cadro de persoal actual pero cun obxectivo moi definido que era reforzar o cadro de persoal, poñer máis medios humanos ó servizo dos cidadáns, crear máis emprego público pero útil, que permitira ofrecer mellores servizos.

Teño datos das ofertas de emprego público dos anos pasados con incrementos que non chegaron ó 4,5% do capítulo I, no ano 2000 a oferta de emprego público de quenda libre foron 46 prazas; no ano 2001, 44; no ano 2002, 74 en quenda libre. Vexamos que fan vostedes porque nós si que estamos a favor de reforzar o cadro de persoal e mailos servizos porque isto, se se xestiona ben, trae consigo que os cidadáns obteñan mellores servizos.

Vostedes co incremento crean exactamente 28 prazas pero destas prazas voume permitir descontar dúas porque son 26 por quenda libre, as outras dous son de promoción interna e tamén descontarei as cinco derivadas da Lei de grandes cidades, entre outras cousas porque tres xa están ocupadas. Quedan 21 prazas, a min non me da máis. Vostedes aumentan o capítulo I en 4 millóns de euros e crean 21 prazas de emprego público.

Pois nós non subscribimos esa acción política, en primeiro lugar por compromiso social, é necesario crear emprego público e en segundo lugar porque é necesario mellorar os servizos públicos. Incrementan o gasto no capítulo I pero case que non incrementan o cadro de persoal.

Recuperan aquela liña do ano 98 en que creaban 17 prazas, ou a do 97 que creaban 16 prazas; a do 96 nin a cito porque crearon cinco para quenda libre e non me parece homologable, coñezo os orzamentos daquel intre. Agora crean 21 prazas e para iso empregan catro millóns de euros que o cidadán, os seus amigos, Sr. Guerra, non van notar en maior efectividade.

En segundo lugar realizan unha operación de transformación de prazas que, á parte de estar absolutamente desorientada, realmente nos crea preocupación porque en vez de crear as prazas novas que consideren necesarias para realizar a promoción interna, o que fan é transformar as prazas que xa están ocupadas. Transforman quince prazas de auxiliar administrativo, grupo D, que están ocupadas a grupo C, administrativos. ¿Eses funcionarios en qué situación están? ¿Ocupan prazas de administrativo, prazas de grado C sendo D? Isto non pode funcionar así.

Se vostedes queren realizar promoción interna creen vostedes ex novo cinco, dez, quince prazas de administrativo, as que vexan e sitúenas no orzamento porque iso ten un custo. Pero iste camiño de transformación de prazas que por certo, xa os informes dos técnicos apuntan da súa irregularidade, non serve. ¿Cal é a situación? ¿Cómo se vai realizar a promoción interna desas

quinze prazas que hoxe xa están ocupadas? ¿Quen vai pasar para administrativo? Porque non teñen por qué aprobar os que agora ocupan esas prazas. Van ter vostedes un serio problema.

Fano sistematicamente e sen ningún tipo de orientación porque podería haber unha orientación política. Por exemplo hai un debate interesante: ¿Son necesarios ou non os auxiliares administrativos? ¿Son máis útiles ou non os administrativos? Este é un debate que sempre se da. Nós pensamos que é necesario crear prazas de auxiliares administrativos e logo promover a carreira profesional. Vostedes non pensan nada porque por unha parte transforman quince prazas de auxiliar administrativo en administrativo con ese sistema de transformación realmente irregular, pero por outra banda crean tres prazas de auxiliar administrativo.

¿Vostedes qué orientación teñen en política de persoal? ¿É necesario transformar as prazas de auxiliar en administrativo con este sistema tan peculiar ou é necesario crear prazas de auxiliar administrativo? Non saben, por unha banda transforman quince prazas en administrativo e por outra crean tres de auxiliar. Non teñen orientación en política de persoal, é máis fácil dicir que si a todo que pensar nunha reorganización dos servizos. Cando non hai proxecto de reorganización de servizos indubidablemente é moito máis cómodo dicir que si a todo.

Vaime agradecer agora a Sra. Alcaldesa que lle lembre unha promesa electoral que coido que un día discutín sobre este tema co Sr. Figueroa na campaña electoral. Decía o programa do Partido Popular "Imos crear cen prazas de Policía Local" e eu naquel debate dicíalle ó Sr. Figueroa que chegaban tarde porque as cen prazas xa estaban creadas por nós, exactamente 90. ¿Seguen sendo necesarias esas prazas de Policía Local? Vostedes non saben, non contestan porque por unha parte crean seis prazas de gardas, grupo D, de Policía Local; pero por outra parte con ese mecanismo tan irregular transforman quince prazas de garda en prazas de cabo. Resultado quince menos seis son menos nove. Non hai política de persoal, Sr. Guerra, non teñen orientación na política de persoal.

Tamén quero referirme a esa partida que aparece no orzamento e que nin siquiera vou citar co nome que aparece. Esa partida de 660.000 euros, ¿qué é? Xa se apunta o que se apunta nos informes técnicos pero a min non me interesa o debate técnico, os debates dos técnicos resólvenos eles, non é o debate do noso grupo. ¿A qué plan de actuación responde? ¿Hai un plan de actuación para esa partida? Non o hai. ¿Vaise formular un novo convenio? Non temos inconveniente, denúnciese o actual porque xa está

sistematicamente cumprido, acabouse de cumprir no ano 2002. ¿Qué son eses 660.000 euros que van sair na súa parte alícuota deses 1.500 euros dos seus amigos María Jesús e Juan? ¿Qué lle vai dicir vostede ós seus amigos cando alguén lles explique que unha parte alícuota se corresponde cunha partida que non sabemos qué é?

Vostedes neste Pleno non presentaron ningún plan de actuación, ó mellor o aproban na Xunta de Goberno Local de costas ó Pleno porque agora as competencias están todas alí. O noso grupo non coñece ningún plan de actuación do concelleiro de Persoal, non se nos expuxo ningún plan de actuación e nós reclamámolo. Plan que outra parte é absolutamente inevitable e necesario e no que requiriremos todos os informes de legalidade preceptiva e mirarémolo con calma. Nós si que queremos poder explicarlle ós seus amigos María Jesús e Juan en qué se vai a súa parte alícuota destes 660.00 euros.

En resume, capítulo I: aumentan o cadro de persoal de forma ridícula; contradín ó seu propio programa electoral; fan unha subida de custos no capítulo I insostible; transforman prazas de xeito rotundamente irregular e construen unha partida que non se sustenta en ningún plan de actuación e que xa veremos da súa legalidade no seu momento.

Imos debullar o capítulo II pero aquí tamén me apoiarei na memoria da Sra. Alcaldesa aínda que en retazos, para non ser pesado. Medra en conxunto 12 millóns de euros, é realmente o capítulo que máis medra e non o capítulo de subvencións, Sra. Alcaldesa, que se expresa en bens correntes e servizos, capítulo que agora pasa representar aproximadamente o 40% do orzamento e viña representando o 36 se non me equivoco. Prefiro falar deste capítulo en relación con esta memoria, permítanme citala expresamente.

Di: Incrementábase Parques e Xardíns; claro que se incrementa pero non crean que son as actuacións en relación con outros anos, o que se incrementa é o custo do contrato. Máis aínda, vostedes saben que por iniciativa nosa os pregos de condicións agora pasan pola Comisión de Control da Contratación cousa que antes non se facía. Nós expresamos alí o noso parecer, vostedes métenlle unha suba a ese contrato de 2.300.000 do ano 2003 a 3.700.000 euros. É dicir, un millón catrocentos e pico mil euros máis, unha suba dunha cifra relativa do 62%. Nós fixemos unhas aportacións naquela comisión de Control da Contratación que polo visto non se escoitaron. Vostedes poden facelo dende a Xunta de Goberno Local porque ademais van ter orzamentos, pois o lamentamos porque o traballo que realizamos a respecto dese prego

fixémolo para tentar obter un mellor servizo a un custo razoable. Vostedes vanlle meter unha suba do 60%.

A memoria da Sra. Alcaldesa di: Un 13,9 máis para mellorar o tráfico urbano. Ímonos ver a subfunción de tráfico e descubrimos porqué aumenta: o novo contrato de guindastres van levar de 1.400.000 aproximadamente, a pouco máis de 2.000.000 euros. Aquí si que teño que recoñecer que algún caso nos fixeron porque en principio ían a 2.300.000, pero se quedan nun incremento de 600.000 euros, nada máis que 100 millóns de pesetas. Explíquelles iso ós seus amigos porque no prego de condicións realmente non había melloras que sustanciaren ese aumento.

Agora permítanme ir para atrás, ó documento de ingresos porque ¿cánto contan vostedes en recadar co contrato dos guindastres? O Sr. Guerra non o sabe pero debería sabelo. Vostedes pensan recadar con ese contrato (vaia ó orzamento de ingresos) 1.900.000 euros. Como diría o meu fillo non me creo nada. No ano 2003 ese contrato custaba 1.400.000 euros e tiñamos unha previsión de recadación de 931.600 euros, ista é a cifra que estaba orzamentada.

Agora a cifra que vostedes cren que van recadar é redonda: 1.900.000 euros, cun custo de contrato de 2.000.000. Esa cifra está inflada, vostedes non van cubrir esa cifra de ningún xeito, entre outras cousas porque aínda teñen sen adxudicar o contrato, non está en marcha. ¿Cando estará en marcha? ¿Trascorrido o primeiro trimestre? Pois se queren chegar a 1.900.000 euros van ter que andar os guindastres por Vigo de lado a lado porque senón é imposible.

As guindastres retiran non máis de tres coche e medio como media cada día e iso é imposible de subir a seis de ningún xeito, entre outras cousas porque non hai tanto coche mal aparcado. 1.900.000 euros inflados no orzamento de ingresos e un contrato que efectivamente levanta o capítulo II.

Por último nos di a memoria da Sra. Alcaldesa: Un 22% máis para a limpeza da cidade. Un vaise ver a limpeza da cidade e ve a posta ó día dos contratos. Daquela ¿qué é o que provoca ese aumento do departamento de limpeza? Pois o que o aumenta e iso si que é novo, é o canon de Sogama que, como ben sabe a Sra. Interventora, se disparou a partir daquel acordo que vostedes adoptaron en contra dunha explicación completa pola nosa banda da inxustiza dese canon e que dispara un millón de euros ese custo. ¿Iso significa, como di a Sra. Alcaldesa, máis limpeza para a cidade? Non, o que significa é que os de Sogama nos van cobrar máis polo mesmo, miren os tremendos xestores que están vostedes feitos.



O resto é inflar partidas porque non hai nada novo, é coller as partidas que estaban e meterlles máis por riba simplemente porque se atoparon vostedes cunha situación da facenda local folgadísima, tan folgada que neste caso temos dous documentos e permítanme sair un pouco do tema.

Un documento inicial do mes de novembro e este documento. Vostede seguramente si sabe que entre estes dous documentos hai un aumento de 1.200.000 euros. Sr. Guerra, eu vou dicir que vostede non coñecía moi ben a situación da facenda local pero dende novembro ata este documento que ten data de xaneiro, apareceron (debaixo dalgunha pedra) 1.200.000 euros e curiosamente esa cantidade non deriva da resolución de ingresos do contrato dos guindastres porque nese caso xa había a mesma cantidade en novembro que agora.

Atopáronse cunha situación financeira tan cómoda que simplemente decidiron inflar gasto sen se preocupar da boa xestión dos recursos públicos.

Por último é conveniente falar de qué pasa cos capítulos VI e VII e esa proposta do concelleiro de Facenda e da propia memoria da Alcaldesa que como xa dixen antes o financiamento corre por cargo dunha operación de débeda. Vostedes saben que para nós iso non é obstáculo porque tamén fixemos operacións de débeda.

En canto ó capítulo VII dous matices. En ingresos nada, os seus amigos, Sr. Guerra, que son esta administración, non reciben nada en transferencias de capital das outras administracións pero en gastos si que damos. No ano 2003 eramos nós os que recibiamos, qué diferenza; agora non recibimos e somos os que damos. Son vostedes uns fenómenos coma xestores, sen dúbida deben entrenar porque a diferenza é completa.

A segunda diferenza e fundamental é que o Concello de Vigo vai subvencionar ó Consorcio da Zona Franca, posiblemente o organismo con maior liquidez que debe haber pola provincia de Pontevedra. Iso si que é unha idea rotundamente nova e malévola. Menudo precedente, o Concello de Vigo subvencionando ó Consorcio da Zona Franca, isto si que é de premio, en función daquel convenio que xa discutimos aquí no seu momento e que sabe que nós manifestamos a nosa oposición con toda rotundidade.

Naquel convenio no que se nos dicía que as vantaxes ían ser axilidade nas obras; aínda non vimos moverse unha pedra na Praza de Compostela, se isa é a axilidade créame Sr. Guerra que non sustenta o convenio.

Voume permitir entrar nunha segunda aproximación que aínda fai máis molesta esta transferencia de capital porque naquel convenio se inventaba un sistema de aportación que vou calificar como curioso. A Zona Franca

adiantaba os pagamentos de IBI, licenzas, etc., iso deducíase dos ingresos do Concello e daba lugar ó financiamento. Ante tan sorprendente mecanismo a explicación do Sr. Figueroa era que iamos aforrar intereses.

Se a explicación era axilidade e aforro, non, porque eu teño aquí o listado de datos xerais de proxectos para o exercicio 2005. Pon: código o que sexa; aportación a Zona Franca de Vigo, a cantidade é 1.500.000 euros; tipo de financiamento: préstamo. ¿Sabía isto Sr. Guerra? Sabe que evidentemente aquel convenio que vostedes aprobaron non se está a aplicar porque inauguran unha segunda fase do disloque. Ademais de que somos nós os que subvencionamos á Zona Franca, facémolo contra préstamo polo que imos pagar intereses, os que sexan, os que vostede sexa quen de negociar coas entidades financeiras. Isto xa é o colmo.

Os seus amigos preguntaranse, para esta viaxe ¿para qué tanta alforxa de convenio? Collan vostedes os 1.500 millóns de euros e adxudiquen vostedes as obras, é unha operación de débeda, non é capítulo VII, é capítulo VI, transformado en capítulo VII simplemente pola modificación da posición en capítulos.

Realmente, Sr. Concelleiro de Fanceda e compañeiros e compañeiras de Corporación, nós non vemos ideas nin orientación política en ningunha das áreas. Por suposto non vemos en absoluto motivación e o que vemos é simplemente un goberno que elabora un orzamento a base de acumular cantidades, sen prioridades políticas, con malos acordos coas outras administracións, con acordos que lle van custar cartos ó Concello de Vigo e ós seus cidadáns.

É un orzamento sen ideas, sen orientación política e desmesurado nas cantidades e nas malas direccións políticas, nos malos precedentes que sementan para esta administración.

SRA. GRAÑA BARCIA: Ó noso entender hai tres razóns que impiden votar a favor do orzamento que hoxe se presenta. Unha primeira razón sería todo o que o goberno fixo e sobre todo o que non fixo dende o 13 de decembro de 2003.

Unha segunda razón é que a proposta que hoxe nos presenta o goberno non é aceptable. Novamente atopámonos con máis do mesmo.

Unha terceira razón sería que a negociación foi insatisfactoria.

En canto á primeira razón é porque nun día coma hoxe, en que se presenta para aprobación o proxecto de orzamento municipal para o ano 2005, é

obrigado facer balance da xestión político-económica do goberno dende o 13 de decembro de 2003.

Durante os primeiros meses, en concreto ata o 24 de maio de 2004, data de presentación perante este Pleno do orzamento para o ano 2004, non foron quen de presentar un proxecto de orzamento ou non quixeron porque unha vez presentado e non contando co apoio da maioría da Corporación, instaláronse comodamente na prórroga orzamentaria en vez de optar, nunca saberemos se por falla de valor, de responsabilidade ou de ambos, polo mecanismo legal que lles tivera permitido a súa aprobación: a cuestión de confianza. Non contaron con orzamento no ano 2004 porque non quixeron.

Ademais a partir de maio de 2004 iniciouse o período de lamentacións e dos alardes que confirmou as nosas sospeitas: o goberno non quería aprobar un novo orzamento, quería continuar en prórroga. Así, dende maio de 2004 fomos testemuñas tanto das queixas desairadas de paralizacións e de incumprimentos, xustificadas na ausencia de orzamento, como de auténticas provocacións do tipo de todo é posible mesmo sen orzamento.

Así, o voceiro do grupo Popular, Sr. Figueroa, sen rubor, manifestou neste Pleno que "Co orzamento de 2003 imos tirar sen ningún tipo de problema", ou frases coma "Nós dámonos por satisfeitos cos orzamentos de 2003", para sin embargo uns meses despois nun medio de comunicación afirmar que unha cidade coma Vigo necesita orzamentos.

Aquí todos sabemos que aínda sen cuestión de confianza podían ter utilizado a modificación orzamentaria como mecanismo para acometer novos investimentos. Poderían ter aprobado a través dunha modificación orzamentaria o proxecto da Travesía de Vigo que hoxe incorporan neste proxecto de orzamento, igual que fixeron para Vigo 2005, sen embargo non foi así. Preferiron o lamento ou a prepotencia, quizais na percura dunha certa rendabilidade política que os demais non acadamos a entender.

Este periplo rematou no último trimestre do ano cando chegaron esquecer, imaxinamos que dunha maneira conscente, que a obriga de elaboración e execución dos orzamentos é do goberno e non da oposición, neste caso concreto o grupo municipal Solcialista, declarándose vítimas dunha conxura que lles impedía gobernar.

En conclusión, a historia do orzamento municipal dende o 13 de decembro de 2003, foi a historia da ineficacia e da negligencia na administración dos recursos porque, primeiro, non aprobaron un orzamento para 2004 porque non quixeron, poderían terse servido da cuestión de confianza coma instrumento legal de aprobación e non o fixeron.

Segundo, xustificaron a súa incapacidade para xestionar na ausencia de orzamento, esquecendo que si existía un orzamento, o prorrogado, e non utilizando a modificación orzamentaria para poder acometer novos investimentos.

Por último, contaron vostedes cunha actitude responsable do grupo municipal Socialista que permitiu a aprobación das ordenanzas fiscais tanto do ano 2004 como 2005, contaron con ingresos máis que actualizados e non os souberon gastar.

Todo isto só nos pode levar a unha conclusión: en vez de arbitrar solucións técnicas, políticas ou ambas, limitáronse a diluir a súa responsabilidade, culpabilizando a outros da súa impericia ou mal facer.

Sinceiramente cremos que durante estes meses as súas confusas mensaxes respecto ó orzamento, tanto o non podemos porque non o temos como o non o necesitamos, provían das súas dúbidas de qué lles conviña máis, se aprobar un orzamento e correr o risco de non ser quen do executar, ou fortalecer a imaxe dun goberno minoritario atrapado por unha oposición que supostamente non lles permite gobernar.

O grupo municipal Socialista non ten dúbidas nin mensaxes confusas, a administración municipal debe xestionarse cun orzamento anual e se o ano 2004 non contou con orzamento é porque nin convenceron coa súa proposta, nin quixeron utilizar mecanismos alternativos que garantisen unha mellor xestión, dende a cuestión de confianza ata a modificación orzamentaria. Nós non o dubidariamos, contariamos cun orzamento anual.

Así chegamos ó proxecto de orzamento que hoxe se presenta para o ano 2005. Outra razón que temos para non votar a favor do proxecto que hoxe se presenta é que a proposta do goberno non é aceptable, novamente nos atopamos máis do mesmo, non nos gusta o orzamento que presentaron e exporemos as razóns.

Anticiparon que presentarían un orzamento participativo e temos de recoñecer que esta idea nos parecía interesante, pero lamentablemente en nada existiu participación.

É certo que reduciron os denominados gastos improductivos, por certo, un termo máis apropiado para a contabilidade dunha empresa privada que para a administración pública, e que incrementaron os capítulos de gastos sociais ou de deportes, pero ¿qué outra cousa poderían facer? Deben recoñecer e así entendimos que o fan, que dispoñen dun incremento importante de ingresos que curiosamente se foron incrementando en cada novo borrador, dende novembro ata xaneiro e por tanto destinar sensibles melloras a aquelas

áreas máis sensibles, é unha inmejorable política que permite ocultar as grandes deficiencias, como por exemplo que o orzamento en áreas coma Xuventude e Emprego decreceu en investimentos dun xeito significativo

O seu orzamento non recolle un programa de investimentos que transforme á cidade, só se contempla unha actuación significativa: o auditorio-pazo de congresos, por certo que non coma investimento, senón coma transferencia de capital e curiosamente debера ademais ser outra administración, a autonómica, a que a asumira. É dicir, a súa incapacidade para ben negociar bloquee unha importante cantidade que podería destinarse a outros fins.

¿Cántas bibliotecas, centros cívicos ou polideportivos se contemplan neste orzamento? Ímoslle poñer un exemplo deses que gustan especialmente. Coruña ven de aprobar o seu orzamento para o 2005 e nel se recollen máis de duascenas obras de infraestructuras en todos os barrios da cidade.

Hai máis razóns. O seu orzamento, se ben incrementa o gasto na área de Benestar Social recollendo algunha das nosas propostas, tristemente non marca un compromiso social porque se descontamos os gastos de asistencia, publicidade e o propio funcionamento do departamento, incluído o incremento salarial dos funcionarios, realmente ¿con qué nos quedamos?

Porque este orzamento é ó claro reflexo da falla de compromiso cos acordos plenarios. Este Pleno aprobou o Plan especial de Bouzas e o orzamento non contén a previsión de ningunha das actuacións públicas contempladas. Este Pleno tamén aprobou a execución de tres rotondas en varios cruzamentos da avenida do Aeroporto e tampouco se plasman no orzamento. ¿Qué dicir do Casco Vello? Nin un só proposto.

Este goberno tamén se pronunciou sobre a necesaria mellora da xestión urbanística, en concreto a posta ó día de 12.000 expedientes pendentes en Disciplina Urbanística, sen embargo é mesquiño na oferta de emprego que pode paliar este problema, quizais porque no fondo non o interpreta coma prioritario.

Este goberno asina convenios pero os cidadáns poucas melloras ven.

Por todo isto cremos que este orzamento é un documento cheo de baleiros, de todo o que debería estar, tanto por decisións que adoptou esta Corporación, como por compromisos que adquiriu o propio goberno e que non están, sen embargo adquire un importante compromiso económico como o auditorio, que debера de sufragar a Xunta de Galicia.

É certo que algúns lles lembramos compromisos plenarios como a piscina de Coia e nalgo rectificaron, pero cremos que queda claro que non dun xeito suficiente.

Nós teríamos elaborado outro orzamento e podemos asegurarlles que con maiores investimentos en infraestructuras deportivas, sociais e urbanas, así como un maior gasto social, pero canto menos se reduciría totalmente o que vostedes denominan gasto improductivo e que nós preferimos denominar gasto innecesario e inxustificado.

E chegamos á última razón que temos e que nos impide poder votar a favor deste orzamento: a negociación foi insatisfactoria e todo o que de seguido expoñerei enténdase na consideración e o respecto que me merece o compañeiro concelleiro de Facenda, Sr. Guerra.

O procedemento de negociación do orzamento que iniciou e rematou o goberno amosou ausencia de xenerosidade e esforzo para incorporar aquelas demandas que presentamos no noso documento de negociación e unha burla ó propio proceso negociador ó manifestar unha suposta imposibilidade de mellorar esa oferta e paralelamente presentar unha subvención ó transporte por importe dun millón de euros.

Estas tres razóns: primeira, falla de responsabilidade e compromiso para aprobar un orzamento para o ano 2004; segunda, un orzamento para o ano 2005 pouco ambicioso e mesquiño, poco comprometido coa cidade e unha negociación insuficiente conducen a un non ó seu orzamento.

Pero non valorar os riscos dunha segunda prórroga orzamentaria sería negligente pola nosa banda porque lle reitero que o grupo municipal Socialista non ten dúbidas nin xera confusión, unha boa administración debe contar cun orzamento anual. Falo dunha segunda prórroga porque o seu comportamento no pasado asegúranos que a súa falla de compromiso alonxaralos de medidas como a cuestión de confianza e ata nos atreveríamos a manifestar que das modificacións orzamentarias.

Unha segunda prórroga significaría que continuarían incrementando os fondos económicos sen acometer investimentos, sen oferta pública de emprego e con menos control sobre os capítulos de gasto. É preferible que a moderada redución de gastos de publicidade estea bendecida.

Outro risco: a queixa e o lamento desaparecen. Agora xa non haberá disculpas nin lamentos, xa poden facer as cousas ben. Sr. López-Chaves, o Verbum xa funcionará correctamente porque xa existe dotación orzamentaria para cubrir a praza de director. Sr. Iglesias, o estado das rúas mellorará. Sr. Coello desaparecerá a dobre fileira. Así sexa.

Desconfiamos disto, cremos que o noso acto de responsabilidade fronte á cidadanía impedindo unha segunda prórroga orzamentaria e permitíndolles aprobar o orzamento non será suficiente para que a cidade mellore, para que

sexan un bo goberno porque carecen do autenticamente importante: do proxecto político, vostedes simplemente van dando bandazos. Dentro dun ano renderán contas.

Estes motivos lévannos á abstención porque aínda que non é o noso orzamento, máis grave sería que a administración municipal se vira sometida a unha segunda prórroga orzamentaria e por isto ninguén debe interpretar a nosa actitude como a concesión dunha marxe de confianza ó goberno municipal, senón pola contra manifestamos a nosa intención de controlar leal pero firmemente ó goberno municipal. A nosa lealdade é coa cidade e cos intereses da cidadanía e iso plásmase en primeiro lugar na necesidade de que o Concello conte cun orzamento anual. Non podemos permitir que a lexítima loita política dane ós intereses cidadáns.

Chamamos a atención sobre o enorme contraste que existe entre esta posición responsable e a que o Partido Popular mantivo sempre e mantén nestas cuestións cando é forza de oposición e non só na elaboración de orzamentos doutras administracións, senón nesta mesma Corporación onde sempre votou en contra cando foi oposición.

Non aprobamos o seu orzamento porque o noso sería ben distinto pero debemos suplir a súa falla de responsabilidade que permitiría unha segundo prórroga orzamentaria e por isto anunciamos a nosa abstención.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Don Manoel, moitas gracias por algunhas das súas palabras de apoio nalgún sentido no tema da estrutura de gasto. Efectivamente falamos varias veces sobre a estrutura de ingresos e se vostede estuda ben o orzamento verá que unha moción súa, que mencionou na anterior ocasión que tive oportunidade de presentar o orzamento e que nos pareceu lóxica, incluímola no orzamento cun inspector de ingresos máis, pero dende o punto de vista xeral, a xestión de ingresos no Concello como xa dixemos que ven dunha herdanza coido que está mellorando apreciabilmente e pódolle dar algúns datos sobre a xestión de multas, de guindastre, que medrou ó redor do 100% e imos seguir nesa liña.

Creo que vostede fala máis por bolsas de fraude e este tipo de cousas que son máis difíciles de identificar pero queremos reforzar todos os servizos de ingresos mediante novas persoas.

No tema das emendas, efectivamente presentoume unha serie de emendas ás que vou respostar unha por unha, aínda que non sei se é o proceso habitual. Vostede facía unha mención ás pistas de atletismo e, despois de considerar a súa petición e falar coas persoas responsables dos servizos deportivos,

consideramos que efectivamente é necesaria a inclusión da partida que vostede pide de 80.000 euros porque deste xeito as pistas poderán ser homologables e utilizables inmediatamente. En todo caso lembro que xa se incrementara a partida das pistas e deste xeito se cubre totalmente a necesidade que se presenta.

Falounos tamén do grupo escultórico de Xaime Quesada que valoramos moi positivamente. O importe que vostede menciona son uns 20 millóns de pesetas e consideramos a alternativa de incluír 60.000 euros neste orzamento dado que é difícil un maior encaixe e asumir o compromiso dos outros 60.000 no seguinte orzamento se é que nos corresponde a responsabilidade do facer.

Sobre as barreiras arquitectónicas tamén comentarlle que esa cantidade xa se incrementa nunha medida relativamente relevante e, tendo en conta o interese que vostede amosa e para tratar de incrementar esa partida, engadimos 30.000 euros para incrementar a partida de barreiras arquitectónicas.

As outras dúas mocións que vostede comentaba unha era relativa ó centro socio cultural de Coia e outra ó centro cultural de Cabral-Feira. En canto á de Cabral-Feira direille que hai un convenio coa Deputación que en breve lle poderemos presentar e que xa está establecido. Respecto ó centro cultural de Coia, tendo en conta que hai un investimento importante nese barrio tan querido da cidade, consideramos que co investimento das piscinas en Coia debemos repartir os investimentos noutras zonas da cidade e nese sentido non podemos aceptar esta solicitude.

Hai outras dúas emendas que presenta, unha que vostede definiu moi querida que é o tema do Consello Social da Língua, que tamén a consideramos e consignamos unha partida de 70.000 euros a ese respecto.

En canto ó tema dos damnificados polo maremoto en primeiro lugar quería transmitir no nome de todo o Goberno o pesar que sentimos por esta traxedia, aínda que si pensamos que a dor é imposible de medir, é infinito e o dano foi enorme. O que vostede nos propón ten moito que ver coa dor das persoas e a necesidade que hai alí pero pouco que ver coas capacidades que ten este Concello. Permítome dicirlle que as donacións que o Goberno Español aprobou para este tema son 5 millóns de euros e aquí estamos a falar dun millón de euros, o que significaría o 20% do que aportaría todo o Goberno en donacións. Tendo moito interese en demostrar a nosa solidariedade con este problema, buscamos uns fondos e imos adicar unha partida de 60.000 euros como unha demostración de vontade e nese sentido tamén o Concello está en negociacións con organizacións non gubernamentais



para tratar de facer unha campaña cidadá de apoio ás persoas que sufriron esta desgracia.

Fallan outras dúas mocións que vostede presentou sobre abastecemento e saneamento de augas. Non hai dúbida ningunha que compartimos con vostede o interese por este problema e estamos preocupados coa situación, de feito xa hai algúns contactos coa Dirección xeral de Augas e asumimos ese compromiso con moito gusto porque en todo caso é un compromiso noso.

Desta forma coido responder á maioría das súas peticións; o xeito de cadrar estes gastos con ingresos será a través de distintas partidas que especificarei e dareille ó Secretario; son partidas de operacións de Tesourería, unha redución adicional de 34.000 euros en publicidade, cursos e conferencias 10.000 euros, cánones da Autoridade Portuaria que era unha previsión da que pensamos que podemos sacar algúns cartos e son 40.000, para facer un encaixe das súas peticións co orzamento.

Respecto ó tema da depuradora, efectivamente hai un compromiso coa Xunta de Galicia e en principio ese estudo da depuradora o ten que facer a Xunta de Galicia pero consideramos que sería máis conveniente, por se houbera algún problema na redacción dese estudo e dada a importancia da obra, ter unha partida para que teñamos a oportunidade e flexibilidade do poder facer e tomar a iniciativa se fose necesario.

Sobre a legalidade da partida de 660.000 euros falarei máis tarde dun xeito máis xenérico e con isto coido que basicamente resposto a todas as súas solicitudes.

Don Xabier, vostede fixo unha presentación moi brillante dende o punto de vista técnico, con algunhas mesturas de contidos, na miña opinión, que vou tratar de demostrar. O problema que ten a presentación é que ou vostedes son uns xenios, ou en tres minutos dende o momento en que eu lle presentei os orzamentos, entender que todo o orzamento tiña tantos problemas era bastante complicado. Sei que é unha persoa cunha capacidade moi grande pero realmente eu entregueille o orzamento o 15 de novembro e cando saio o grupo APRESS xa publica que vostedes están en contra do orzamento e que era unha manobra propagandística.

Logo a argumentación cáese porque estes amigos meus que preguntan por cada un dos datos concretos, preguntan cómo é posible que unha persoa sen estudar o orzamento xa diga que é malo e que non o vai votar. Seguramente eses amigos entenderá que quizais hai unha razón política, como esa política de alta escola, detrás do orzamento. En todo caso a min me tivera gustado moitísimo discutir con vostede dun xeito máis concreto en un foro

máis técnico para corrixir os erros que vostede mirou. Neste proceso tivérame gustado contar coa súa axuda porque seguramente mellorarían os orzamentos. Non puido ser así, en todo caso mirei que despois os estudaron e fixeron a súa presentación.

Eu coido que hai algún erro conceptual importante, na miña opinión, basicamente e para non entrar en todos os detalles entre o que é un investimento e un gasto. Coido que vostedes consideran que un gasto é algo negativo en si mesmo e un investimento é algo positivo en si mesmo e isto non é así en absoluto.

Voulle poñer un exemplo moi vulgar, eu podo ter un gasto dunha calefacción calentando a miña casa e é un gasto necesario, que teño que asumir; sen embargo invisto e merco un cadro que é un desastre e o teño gardado e é un investimento que non serve para nada. O que importa é a calidade do gasto, é o que se fai, se o gasto é bo o gasto é positivo e o investimento exactamente igual.

Vostede ó longo de toda a presentación coido que estivo mesturando eses dous conceptos, falando como vostede di de cifras absolutas pero na miña opinión non centrou exactamente o que é un gasto e un investimento.

Eu nunca dixen que a xestión anterior non fose unha boa xestión dende o punto de vista financeiro, pero teño un dato que é o tema da execución orzamentaria. Vostede di que nós non xestionamos e nós cun orzamento prorrogado, co seu orzamento do ano 2004, temos unha execución orzamentaria mellor que a súa o que quere dicir que cumprimos máis rigorosamente o orzamento que vostedes propuxeran, polo tanto se aquel era un bo orzamento porque era o seu e nós o executamos nunha medida superior á súa, é que somos quen do executar mellor e teña en conta que non é o noso, que é o seu aínda que fose un orzamento prorrogado.

Tamén se medimos o número de partidas que se moven dentro do orzamento porque non encaixan cos gastos, verán que na súa execución o movemento de partidas era moi superior ó movemento de partidas que temos na nosa xestión. Sei que o listón está alto pero sei que alomenos nós estamos ó mesmo nivel ou mellorándoo polo menos dende o punto de vista da execución orzamentaria.

Vostede falou bastante sobre ingreso procedente doutras administracións e dicía que neste orzamento non o hai, fondos comunitarios, etc. Sabe perfectamente e mellor ca min que para contabilizar eses ingresos teñen que se producir e polo tanto non podemos contabilizar algo que non existe porque se producirá cando sexa e cando se produza ese acordo introducirase

no orzamento, polo tanto a partida non ten ingreso porque non se pode producir. Explicalo do xeito que vostede fixo parece que é torcer un pouquiño o argumento.

En calquera caso debo dicirlle falando de investimentos doutras administracións, que o argumento paréceme como o do futbolista arxentino que dicía "xogamos coma nunca e perdimos coma sempre", é como dicir que vostedes son moi bos, deixaron todo perfecto e nós non sabemos facer nada e non sabemos xestionar. Ó longo de todo este ano doutras administracións este goberno xestionou 71 millóns de euros; isto foi posible polo traballo da Alcaldesa e de todos os que formamos o equipo. A Deputación Provincial no ano 2004 investiu nesta cidade 6,5 millóns de euros, máis que nunca na súa historia, asfaltando estradas do termo municipal, nas parroquias máis de 3 millóns de euros, nas rúas da cidade 2,7 millóns de euros, en camiños 635.000 euros. Iso é un dato.

Fala do Vigo 2005; dendo o punto de vista estrutural se pode estar de acordo ou non, pero a realidade é que Vigo 2005 é un investimento de 9 millóns de euros nesta cidade, que permitirá mellorar un entorno básico como é a praza de Compostela e todas as rúas do arredor, Carral, Concepción Areal... ós meus amigos encantaralles pasear polo Náutico cando veña a Volvo Ocean Race e sentirse orgullosos da súa cidade porque non se podería facer doutro xeito.

Tamén inclúe melloras nas rúas perpendiculares á rúa Urzáiz, nas rúas Cervantes, Uruguay e iso son realidades, coido lembrar que está a punto de se empezar a traballar.

Co Consorcio para a rehabilitación do Casco Vello 30 millóns de euros de investimento, 12 millóns de euros comprometidos pola Consellería de Política Territorial, 15 millóns de euros da Zona Franca dos que non imos pagar ningún tipo de interese senón que van ser aportados á cidade, e tres millóns para este Concello, para recompoñer toda unha zona histórica e fundamental para esta cidade como é o casco vello.

Un acordo asinado o 30 de setembro con Aqualia segundo o que a concesionaria investirá cinco millóns de euros na mellora do abastecemento nesta cidade.

Ademais de todo isto, hai un convenio coa Xunta de Galicia que vostede coñece mellor que eu de 47 millóns de euros que compromete a Xunta de Galicia coa cidade de Vigo; un millón para distintas obras urbanas, tamén para a famosa pérgola de don Jenaro de la Fuente, 19 millóns para infraestructuras viarias, convenios que xa imos comezar de xeito inmediato

como o de Pedro Alvarado; 394 vivendas en San Paio de Navia por 22 millóns de euros e a reparación dun grupo de vivendas públicas en Ribera de Atienza e na Avda. de Galicia. Corenta e sete millóns de euros e vostede di que non acadamos nada doutras administracións.

Repítolle que ademais de isto, cando se consigan os fondos comunitarios irán consignados nas correspondentes partidas de ingreso porque non se podía facer doutro xeito dende o punto de vista orzamentario.

En canto ó tema dos ingresos quero dicirlle que claro que houbo diferencias dende novembro ata o de agora e habería tamén mañá e pasado, sábeo moi ben porque para calcular os ingresos temos que tomar a actitude máis conservadora posible por lóxica orzamentaria, pero cando se va concretando o orzamento un está máis próximo a saber qué é o que se vai ingresar. Por tanto, por propia prudencia, para facer as cousas con seriedade e para ser honestos con todos os grupos pero tamén coa cidade, o que facemos e tomar unha política orzamentaria moi conservadora. Non hai nin un só factor dentro de ingresos que teña ningunha carga política, nin serva para encaixar nada, todos os datos que están aí consignados son datos puramente técnicos, comentados cos responsables dos servizos de ingresos que, insisto, teñen unha grande calidade e discutimos grandemente.

Por exemplo e para lle dar un dato, nós tomamos unha previsión económica máis conservadora que o Goberno de Madrid porque eses multiplicadores hai que os tomar e polo tanto esa é a razón pola que haxa cambios e non podemos dar a impresión de que cambiamos os ingresos porque estamos a facer trampa para axustar o orzamento. Iso non é así e a razón é a que lle estou a dar.

Fala vostede de operacións de crédito. Efectivamente nós imos a unha operación de crédito de 18 millóns porque amortizamos esa cantidade, sabe que temos que amortizar unha determinada cantidade de diñeiro para investir. Lembro que o ano pasado vostedes dicían que o orzamento era anodino e pouco investidor, dicían que fosemos a máis investimento e que buscáramos máis crédito; resulta que imos ó máximo investimento posible que nos permite a propia amortización pero ademais de todo sumamos dous millóns de euros que saen do capítulo de gastos correntes para facer máis grande ese capítulo de investimento que, dun xeito quizais demasiado sinxelo sempre califican como bos, medre e chegue ó maximo que existiu neste Concello.

Voume parar un momento no capítulo I por algúns comentarios que houbo. Chámame moitísimo a atención a agresividade con que se presenta o tema do Capítulo I de grupos que veñen dunha tradición obrera ou progresista, mesmo

con sindicatos e despois do ter pensado un pouco díxenme que isto non pode ter unha razón política, ten que ter unha razón técnica para o entender. Hoxe teño unha certa experiencia porque ademais de ter feito unha especialización en recursos humanos, levo case que o mesmo tempo ou igual que vostede xestionando equipos humanos e cando alguén se achega a xestionar un cadro de persoal, o primeiro que ten que facer e así está establecido, é fixarse naquelo que tecnicamente se chama "os determinantes", que son estruturas que forman parte da organización e non se poden cambiar a curto prazo, só se pode propoñer a súa evolución a longo prazo.

Hai unha segunda norma cando se traballa en temas de recursos humanos que é diálogo e máis diálogo, hai que dialogar. O que sucede é que vostedes tomaron a política da valentía do enfrontamento simplemente, en moitos casos sen escoitar. Nós o que fixemos foi aplicar unha valentía diferente, máis complicada porque efectivamente significa unha complicación maior, non me cabe ningunha dúbida. Máis complicada pero a un nivel superior que é tratar de chegar a acordos, sentármonos mil veces se fai falla, entender o que nos queren dicir e non dicir que non por natureza.

Ó longo dos seus mandatos, cando a vostedes correspondeulles esta responsabilidade, pasaron concelleiros por esta concellería e en moitos casos é público e notorio que a actitude política que tiñan era de mano dura e xa está. Teño unha anécdota que é que cando me reuno cos sindicatos moitas veces me chaman "patronal" e iso ven da antiga relación que tiñan coas persoas que xestionaban os recursos humanos.

O que fixemos agora foi sentármonos con eles, establecimos canles de diálogo en cando se dialoga se ten que ceder, se ten que chegar a puntos de entendemento porque senón morre a política de recursos humanos de calquera organización.

Ademais de todo teño que lle dicir que ista, por ser unha organización de prestación de servizos, é onde inda por riba temos que ter máis en conta o factor humano e o único que fixemos foi fixar uns principios que son: tratar de mellorar a organización o que non se fai nun día, como vostede ben sabe; tratar de que haxa algún mecanismo de motivación dentro do cadro de persoal para que poida ter unha certa carreira profesional e en terceiro lugar que se faga a un custo razoable porque o que vostede propón non tén un custo razoable.

Despois diso nos imos á Lei e, como a Lei é interpretable, imos ós técnicos e nos dín que a Lei non di que sexa ilegal nada do que estamos a facer, di

que xera disfuncións de tipo coxuntural. Iso é o que din os informes técnicos e entón, como crea disfuncións de tipo coxuntural pero nós consideramos que establecer esta política xera moitas máis vantaxes que os problemas que xera esa disfunción que se pode corrixir cunha boa xestión, chegamos a un acordo cos sindicatos que lles lembro que representan a todos os traballadores.

O obxectivo é que as persoas estean máis implicadas nas prestacións de servizos nesta Casa porque isto é unha organización de servizos pero iso significa falar moito, ceder, non sempre chegar ó que un quere porque hai que chegar a puntos de entendemento e iso é o que tratamos de facer.

Sobre os 660.000 euros eu lembro a primeira lección que recibín cando cheguei a esta Casa que me encargaron a xestión dos recursos humanos. Dixéronme que "En recursos humanos o mellor que podes facer é non tocar nada". Pois iso é o peor erro porque para mellorar os servizos o primeiro que hai que facer é asumir que un ten que tocar algo e en vez de dar a disculpa de que non temos orzamento e non podemos facer nada, o que facemos é xerar un fondo.

Neste cadro de persoal hai problemas, hai problemas cos salarios que hai que corrixir, non liñalmente pero si hai problemas. En vez de dicir que non temos cartos para os corrixir facemos un fondo. Vostede poderame criticar no momento en que execute o fondo pero agora é absolutamente imposible que me critique porque á parte de todo o que di o informe de Intervención é que eso é perfectamente legal.

O problema de nivel superior virá despois e eu tereime que reunir cos sindicatos, que están aquí presentes, para executar eses 660.000 euros pero aí é onde teremos que establecer mecanismos lóxicos para chegar a acordos e incrementar a motivación do persoal.

En canto ó capítulo II vostede fala dos contratos. Eu preguntei precisamente porqué tiñamos que pagar tanto de contratos porque cando ía cadrar o orzamento atópome co que teño de poñer de contratos. Os contratos veñen de antes e son actualizacións que nos toca a nós agora actualízalos e como temos que o facer, a non ser que vostedes non queiran que se paguen as actualizacións, teremos que os meter no orzamento. Isas son as principais partidas de gasto dos contratos; a recollida de limpeza crece case que catro millóns de euros. Por exemplo ise é un contrato que resulta que por arte de maxia se actualiza para o 2005 e obviamente nós témolo que dotar.

Eu non vou entrar en discusión sobre o servizo do guindastre porque non teño o coñecemento detallado se ese contrato é bo, malo ou regular para a

cidade pero teño claro que todos os demais contratos que non foron actualizacións son melloras nas prestacións de servizo que se lles da ós cidadáns. Por exemplo o mantemento e mellora dos túneles; é evidente que cando hai máis túneles teremos que gastar máis no seu mantemento, non quererá que o meu amigo cando vaia de Torrecedeira a Travesía de Vigo vaia ás escuras polo túnel ou estea sucio, polo tanto teremos que asumir o contrato.

Non é algo que veña de arriba, é que o temos que asumir e temos a responsabilidade de asumir iso, por certo ademais de ter pagado con este orzamento todas as débedas que viñan con anterioridade e que non se tiveron en conta.

Pódolle falar tamén dalgún contrato que se fixo no 2003 coa actualización para o 2004 pero como tiñamos o orzamento prorrogado non se podía pagar e por iso tivemos que buscar os cartos para poder pagar.

De Vigo 2005 tamén querería dicirlles que hai actuacións dentro da cidade que vostedes empezaron, é lei de vida, imos uns atrás de outros e vostedes xestionaron algunhas cousas pero é que moitas delas estaban paradas, vostedes empezáronas pero non as remataron e ós cidadáns o que lles importa e mirar as cousas rematadas.

O auditorio estaba paralizado dende o ano 2000; cando chegamos ó goberno, logo de que a Sra. Porro tomou posesión, levámolo á Xunta de Goberno Local. Na remodelación de Urzáiz é este goberno quen redeseña a superficie e facémolo ó noso xeito, polo tanto se houbo un erro ou é un éxito é a nosa responsabilidade.

O Plan Xeral, vostedes empezárono e desenvolvérono pero somos nós os que levamos adiante todo o seu desenvolvemento. A posta a disposición de terreos para centros de saúde estaba parada dende hai varios anos e agora se puxeron a disposición da Consellería de Sanidade estes terreos. O convenio con RENFE, a reactivación do saneamento de Zamáns, etc., para non aburrir a vostede e ó meu amigo Juan.

Sra. Graña, prométolle que non queriamos unha prórroga. Eu lembro que en la Facultade ó profesor Corbacho que nos daba bastante a vara co tema de facenda, dicíanos literalmente "Sempre é mellor calquera tipo de orzamento, un bo orzamento que un orzamento prorrogado", ise é un principio que é evidente. No orzamento nós establecemos as políticas que queremos levar adiante, gustaríanos que hai varios meses vostedes tiveran a mesma actitude que teñen neste intre e que eu agradezo porque eu presentei un orzamento que seguramente é mollorable pero non me deu ninguén a oportunidade, á

parte do Sr. Soto, por certo, de mellorar aquel orzamento para levar adiante aquilo que agora din vostedes que nos gusta a nós que é prorrogar o orzamento.

Se naquel intre vostedes se sentaran comigo, teríamos un orzamento porque nós non queremos prorrogar. Vostede sabe mellor ca min que prorrogar un orzamento significa unha morea de problemas; entre outras cousas non se pode investir, non poderíamos pagar as débedas anteriores, non poderíamos asumir os contratos que temos que asumir, non poderíamos pagar o incremento de salarios que se xera pola subida normal. Non o poderíamos facer e, por certo e dado que falamos do cadro de persoal, Sr. Toba, no ano 2003 non houbo oferta pública, non houbo unha creación de postos de traballo que iso gracias a Deus e dalgún xeito nos permitiu cadrar o capítulo I este ano e ter esta execución.

Eu garántolle que sen ningunha dúbida e antes de nada prefiro un mal orzamento, coma é iste para vostedes, que unha prórroga. Gustaríame ter falado antes disto e non agora.

Tamén lle lembro que ese orzamento que era do goberno anterior ó noso estamos a executalo mellor que vostedes, o ano que ven presentareime aquí e ó mellor me tiran das orellas por non executar o noso orzamento pero neste momento o noso goberno está a executar o seu orzamento mellor.

En canto ó de orzamento parcitipativo eu tenteino por activa e por pasiva, tentei falar con todo o mundo, as persoas que quixeron participar fixérono, os sindicatos son un bo exemplo, falei con vostede, co Sr. Soto, tenteino por todos os medios.

Vostedes presentáronnos un documento a nós e máis á cidade que a ollo significaba 60 millón de euros e non había encaixe, non é que eu non quera. Dentro de todo iso eu recoñecinlle varias veces que vostedes fixeron aportacións moi positivas, as piscinas e unha serie de aportacións que eu considerei dentro do orzamento. Vostedes pensan que non é suficiente pero valoren o que pedían. Sincieramente eu tería o gusto de me presentar aquí cun orzamento estudado e realizado con vostedes e cos grupos que quixeran, obviamente, pero non foi posible porque o que pedían na nosa opinión era totalmente desmedido. Obviamente vostedes consideran outra cousa.

En calquera caso quero agradecer ó seu grupo e ó do Sr. Soto que coa súa abstención permitan a esta cidade ter un orzamento, ó meu amigo Juan e a miña María Jesús vivir un pouco máis tranquilos e que a vida da cidade sexa máis normal.



SR. SOTO FERREIRO: Agradezo ó Sr. Guerra a atención que tivo coas nosas emendas con dúas eivas que me parecen importantes e quero suliñar. Eu non sei porqué non asume vostedes que Coia é un barrio necesitadísimo dun centro socio-cultural porque, igual que me falaron do centro de Cabral-Feira que van ter un convenio coa Deputación ¿por qué non o fan para Coia? ou coa Xunta de Galicia como eu lle dicía ou con outra terceira solución: fagan por concesión a piscina de Coia e adiquen eses cartos ó centro socio-cultural.

Son conscente que agora non vai repentizar respostas sobre a marcha porque un orzamento non se pode modificar a correr nun Pleno, pero si lle pido unha reflexión posterior a esta sesión. Coia leva moitos anos esperando por un centro así, os centros culturais que temos en Vigo axudan a crear cidadanía no mellor sentido da palabra e é conveniente seguir nesa proposición, nese traballo e nesa teima. Nós non nos imos render, ó longo do exercicio orzamentario seguiremos pedindo que lle dean unha solución ó centro socio-cultural de Coia.

Todos temos dor polo tema do maremoto o que pasa que un máis ca outros porque eu dinlle unha fórmula que non lle desequilibra o orzamento, pode desequilibrar as opinións dalgúns vigueses que queren ter festas a calquera prezo. Non é demagogia, eu non sei atopar unha partida mellor que realmente fose importante e vostede dixo unha cousa que non ten o máis mínimo rigor, non nos podemos comparar ó Goberno de España. A condonación da débeda pública que fai o Goberno de España, que a imos pagar todos e eu estou encantado de que cos meus impostos paguen a parte alícuota que me toque, soamente iso é un aforro tremendo para eses países duns cartos que empregarán naturalmente en paliar a desgracia interior que teñen e é infinitamente máis importante do que vostede acaba de dicir.

É un problema de decisión humana, xa non digo política, a vostede non lle paga a pena suspender as festas de Vigo un ano para que deixen de morrer, non é demagogia, milleiros de persoas. A nós si e eu non podo compartir esa decisión súa, respéctoa e sígolle dicindo que acepto os seus argumentos pero nese caso non os comparto. Perdoe que llo diga cripticamente pero me da a impresión que vostedes optan máis pola rendibilidade política interna; sempre será máis rendible ter festas e atraccións públicas que realmente destinar esa partida a ese fin que non terá tanta rendibilidade política porque non se ve. Penso que isto é o que latexa na súa decisión e eu non o podo compartir aínda que tamén comprendo que haberá moita xente que critique a miña postura.

Falou dun inspector e agradézoo porque penso que se pode e se está a mellorar o tema dos ingresos pero dígolle que hai que propoñer outra organización e que realmente hai bolsas de fraude importantes e que son relativamente fáciles de acadar.

Tamén se citou aquí o tema da Xerencia de Urbanismo. A Xerencia funciona para atrás en vez de para diante en todos os sentidos, nin da licenzas a tempo nin funciona por ningún lado a disciplina urbanística, nin nada de nada. Imos alí a facer que aprobamos algo cada sete días e acabouse. Vou dicir moi claro que non temos dirección técnica competente na Xerencia de Urbanismo para levar a cabo o que hai que facer alí e cando iso ocorre os políticos temos que asumir a responsabilidade de que se sabemos que cos medios que teñen alí non son quen de facer un plan que estructure mellor os servizos da Xerencia (e non estou en ningún sentido desprezando á xente que traballa alí) encarguemos unha asistencia técnica. Isa é a súa responsabilidade que eu demando, como políticos e como dirixentes, non que vostedes saiban organizar á Xerencia, nin siquera que saiban organizar ós funcionarios que ó mellor tampouco sei eu, pero si teñen que asumir a responsabilidade de que iso funcione mellor en todos os sentidos, no tema de ingresos exponencialmente.

Son certas as críticas que lles fan de que non teñen dirección política e iso tradúcese en que nalgunha medida parece que están no poder polo poder. Eu compartiría en boa medida ese tipo de apreciacións e iso é a falla de dirección política que se pode acusar nestes orzamentos e noutras cousas da política municipal pero ás veces é peor, tanto que leva á intransixencia de lles impedir gobernar como lles pasou a vostedes.

Quero saudar moi positivamente o cambio de actitude do grupo Socialista, paréceme que entraron nun camiño de responsabilidade; non me serven as súas bravatas, sacar peito gratis, dicir que da igual o orzamento que van xestionar igual, é o que dicía antes do poder polo poder. Evidentemente ter un orzamento ó día é importantísimo e sabémolo todos, polo tanto ese cambio de actitude é moi benvido.

Dame tamén a impresión de que vostedes se queren disculpar de ter impedido que se aprobaran os orzamentos anteriormente. Eu tamén comparto o discurso da Sra. Graña aínda que ten unha eiva, comprendo que se teñan que xustificar pero cando fala do orzamento pasado agora din que non van ter disculpas, paren de chorar porque non teñen orzamento. Pois é unha das razóns para lles deixar ese reto político pero sobre todo para que se poidan facer cousas na cidade.

Só non comparto unha cousa do que dixo que é cando fala de que poderían ter recorrido a unha moción de confianza, o resto paréceme impecable. Todos sabemos que as mocións de confianza fanse sabendo o que vai ocorrer. Vostedes fixeron unha moción de confianza sabendo que entregaban o goberno da Deputación da Coruña a cambio de perder a Alcaldía de Vigo, fixérono a mantenta porque non é que fora ingobernable Vigo, que si o era, pero vostedes elixiron politicamente unha acción sabendo o que perdían coa moción de confianza.

O goberno do Partido Popular non fixo unha moción de confianza porque non tiña certidume do que ía pasar porque metido no desbarate que ten habido nesta Corporación igual nos metiamos nun baile no que ninguén se entendía outra vez para gobernar. Podíamos metérmonos nunha auténtica liorta. É o único do seu discurso que entendo que é para xustificar unha acción que permitira que non houbera orzamentos o ano pasado e nada máis, o resto do seu discurso paréceme impecable e sobre todo o seu cambio de actitude que coido que é altamente positivo para Vigo e mesmo polo que veño de saber, as súas condicións que significaron melloras moi claras da construción orzamentaria.

Sr. Guerra, hai cousas que algúns sabemos por certas experiencias. Cando a vostede lle chaman "patronal" fano para acomplexalo porque calquera que leve aquí algún tempo, eu xa levo bastante, sabe que a patronal é o pobo de Vigo, o resto somos xestores mellores, regulares ou peores pero ese termo aquí non ten cabida e por tanto alá vostede se o acomplexa ou o asume.

Eu comparto en xeral boa parte das cousas que dixo de cómo xerar recursos humanos, só que neste caso déixeme engadir que a min me parece que vostede cedeu a certos acordos porque era outra vez unha maneira de se manter no poder. Vostedes están de bombeiros, se hai lume por algunha parte a ver que podo botar alí para o apagar. Iso e non un criterio político de cómo dirixir unha política de recursos humanos neste Concello é o que o leva a algunha das partidas que hai aí. Non vou entrar máis alá, non retiro nada do que dixen no seu momento pero tampouco o vou repetir, non me interesa incidir demasiado porque non me interesa que descarrilen os acordos orzamentarios que vostedes teñen pero si lle digo que eu dende logo non tivera feito cousas que vostedes están a facer na política do capítulo I. Dígollo rotundamente por se é un anuncio para o futuro.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Vou ver se son quen de tentar de ser alomenos didáctico e pedagóxico. Sr. Guerra, xa coñecemos todos ó seus amigos M<sup>a</sup>

Jesús e Juan e vostede dicía hai un momento que lle preguntaban como é posible que en tres minutos o BNG tivera esa información complexa dun orzamento.

Quixera dicirlle algo máis. O que ocorre é que teremos que ser quen, vostede tamén, de lles explicar a M<sup>a</sup> Jesús e Juan en primeiro lugar que é un orzamento porque dificilmente saberán para qué van eses 1.500 euros que vostede citaba se non somos quen de lles explicar qué é un orzamento.

Voulle poñer un exemplo. Os seus amigos igual levan á súa casa os mesmos ingresos que levan os veciños que viven enriba deles. Porque levan os mesmos ingresos loxicamente ninguén vai pretender que a cocina dos seus amigos sexa igual que a dos seus veciños, nin que os seus fillos e fillas vaian a actividades escolares iguais, nin siquera van pretender que por ter os mesmos ingresos vistan igual.

Loxicamente con estes ingresos esas dúas familias terán as súas prioridades, o seu xeito de vida que lles fará gastar naquelo que eles consideren máis conveniente ou importante en definitiva para o seu benestar.

Iso é un orzamento, o primeiro de nada é un documento político onde os gobernos, as formacións políticas ou coalicións que lles toca gobernar, trasladan o seu programa electoral porque un orzamento é o instrumento político onde unha formación política ou coalición que lle toca gobernar ten que respostar diante dos cidadáns que lle apoiaron de que ese programa electoral que levaban adiante o fan factible e concreto nun orzamento que é o instrumento onde se ve por onde vai ir o goberno dunha cidade.

O BNG presentouse a unhas eleccións cun programa electoral que non era o programa do Partido Popular, era case que totalmente oposto e ese programa electoral que presentou o BNG tivo o seu apoio. Así, entendendo o orzamento coma un instrumento político, cando ó BNG en coalición co Partido Socialista tocounos aplicar o noso programa electoral, cos mesmos orzamentos que vostedes tiveron no 2003 fixemos cousas moi distintas porque tiñamos programas electorais distintos, compromisos coa cidadanía moi distintos.

Así vostedes plantaron flores e nós apostamos por un transporte público que fose máis universal e máis utilizado. Vostedes reclamáronlle ás administracións cuestións coma o edificio Cambón e a nós preocupábanos reclamarlles ás administracións temas tan vitais coma o saneamento ou toda atención ós barrios e parroquias.

Con isto non estou a dicir que sexa mala unha cousa ou outra. Son prioridades distintas, formas de entender en qué hai que gastar de xeito distinto e iso porque repito que o Partido Popular e o BNG tiñan programas electorais distintos e presentáronse ás eleccións con eses programas.

Polo tanto se entendemos un orzamento, Sr. Guerra, coma este instrumento político onde vostedes, agora que lles toca, teñen que presentar o seu programa electoral, coido que a ninguén lle pode estrañar que o BNG non quera de inicio pactar o programa electoral co Partido Popular.

Ademáis non nos fiamos de vostedes porque para poder xestionar realmente un orzamento dende o noso punto de vista tense que dar unha condición fundamental: capacidade de xestión e vostedes nos demostraron durante todo o ano 2004 que non existe esa capacidade. Non vou repetir os datos que tan claramente expuso o meu compañeiro o Sr. Toba, non quero que sexa unha intervención técnica, senón que quero que sexa para entender distintas posturas e que non se fale doutras cousas que non sexan posturas políticas e que tamén llas hai que explicar á cidadanía.

Gustaríame coñecer persoalmente a esas dúas persoas, Juan e M<sup>a</sup> Jesús e preguntarlles se coñecen algún proxecto novo, algunha idea, algunha liña política diferente nova que o Partido Popular no ano 2004 puxera en práctica. Iso si, como vostede dicía dedicáronse a inaugurar proxectos que viñan xa desenvolvidos da nosa etapa. Perdón, houbo unha cousa nova que a Sra. Alcaldesa inaugurou que foi o novo alumado do Nadal.

¿Hai proxectos, hai ideas, hai algún tipo de orientación política nova que nos permitira a nós naquel intre pensar que vostedes podían xestionar acoidadamente un novo orzamento? Sinceramente non. Falouse aquí dese proxecto 2005 e xa explicou o meu compañeiro Sr. Toba en qué consistía ese famoso convenio que primeiro ía ser a cambio de non pagar a Zona Franca, etc., e agora resulta que non é que lle deixemos de cobrar a Zona Franca, senón que nós lle pagamos, pero en todo caso ese proxecto, que ademais vostedes o venderon como proxecto estrela encardinado ademais á famosa Volvo Race, estamos en pleno mes de febreiro e non vimos nada. Nin siquiera tiveron a axilidade de nos dicir que había que o facer porque co convenio íamos ser máis áxiles.

E non nos fiamos de vostedes porque coas novas atribucións que ten a Xunta Local de Goberno moito nos tememos, e ogallá nos equivoquemos, que este orzamento é de "chicle", de estira e afloxa. Dicimos que non nos fiamos de que logo vostedes tomen esas posibilidades que lles faculta a nova Lei de grandes cidades para cambiar moitas cousas porque esta Corporación hai uns

días ven de ter un exemplo claro disto. Lembran que convocaron unha comisión informativa para estudar un tema importante como é o das tarifas de transporte público, convocan logo o Consello Sectorial de Transportes, convocan a Xunta Local de Prezos e cando se dan de conta que non teñen os votos para quitar adiante a súa proposta, querían eludir o debate deste Pleno. Non foron quen porque o BNG trouxo aquí o debate a través dunha moción.

Se fan iso cunha cuestión que é vital para esta cidade, na que un dos seus principais problemas é o tráfico e polo tanto temos que potenciar o transporte público, vostedes tiñan enriba da mesa dúas propostas da oposición, distintas pero que practicamente ían na mesma liña e non lles fixeron nin caso, ¿cómo nos imos fiar de que este orzamento sexa algo distinto?

Ademais nos preocupa e por iso tampouco nos fiamos, que vostede ven de dicir que este orzamento plasma e continua o labor desenvolvido durante este ano. Pois iso nos mete medo, asústanos porque se este orzamento vai continuar coa liña que vostedes levan nesta cidade no último ano, temos unha razón máis clara aínda para non apoiar estes orzamentos.

Gustaríame falar dunha cuestión que ás veces ou non explicamos demasiado ben ou parece que queremos asustar á cidadanía con iso da prórroga. Sinto diferir coa maioría das intervencións nun tema: non creo que se lle poida dicir á cidadanía que vale máis un mal orzamento que unha prórroga porque alomenos a prórroga garante, e así o demostrou esta última prórroga, que os servizos básicos, que as liñas políticas que se están facendo se poidan seguir facendo. Un mal orzamento poderíanos levar a un retroceso e todos sabemos que iso si é posible.

En todo caso coincido coa compañeira do Partido Socialista en que vostedes hai un ano gabábanse dicindo que non había ningún problema en gobernar cunha prórroga, mesmo ameazaron con ela politicamente. A cuestión tamén é que con esta prórroga que vostedes negociaron acadaron un superávit de trinta millóns de euros. Sr. Guerra, cando vostede nos di que executaron mellor o noso orzamento, quero lembrarlle que nós non tivemos un ano enteiro para o executar.

Por tanto cun mal orzamento, que para nós iste si o é, podemos asegurar unha serie de cousas que non aseguraríamos cunha prórroga orzamentaria, iso non é certo. Como tampouco é certo que non se poidan pagar débedas anteriores cunha prórroga, de feito hai un mes viñeron moitas cousas que eran débedas anteriores e estabamos cun orzamento prorrogado.

Tampouco é certo que cunha prórroga non se poidan facer investimentos. O que nós vimos dicindo é que se traian aquí modificacións, que o Pleno da Corporación estude e discuta se son polo ben da cidade e se poden facer. Vostede sabe iso mellor ca min.

Escoitamos aquí á forza maioritaria da oposición, á representante do Partido Socialista, que istos non son os seus orzamentos. Tampouco son os nosos, é dicir, estes orzamentos se hoxe se aproban non son os orzamentos da maioría da cidadanía porque esa maioría está representada nas súas forzas políticas e entre o Partido Socialista, que ven de dicir que non son os seus orzamentos, e o BNG representamos nesta cidade á maioría da cidanía polo tanto van vostedes permitir aprobar uns orzamentos que non son os da maioría da poboación porque non os fan María Jesús e Juan, os orzamentos fanos os políticos e M<sup>a</sup> Jesús e Juan, igual que os demais cidadáns e cidadás desta cidade elixen ós seus representantes precisamente para que os representen.

O BNG é unha forza política á que se lle pode acusar de moitisimas cousas pero nunca imos aceptar a acusación de irresponsabilidade. Cando estivemos gobernando demostramos que somos responsables con esta cidade e que queremos que avance e que teña o mellor. Precisamente porque temos unha dobre responsabilidade, a primeira coa cidadanía e outra máis cos votantes ós que representamos e que repito que votaron o programa do BNG e non o do Partido Popular, non imos ser cómplices de que hoxe aquí se aproben uns orzamentos que non son maioritariamente os orzamentos que votaron o nacionalismo, o progresismo e a esquerda desta cidade.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sr. Guerra, coido que os profesores ensináronnos a todos o mesmo e por iso reiteramos que o que lles fallou no seu momento foi auténtica coraxe política para ter un orzamento para o ano 2004. Quero precisar que cando estabamos falando da ausencia de orzamentos participativos, estabamos a referirnos ás declaracións que no seu momento fixo a Alcaldesa que interpretamos, cremos que correctamente, para a elaboración dun orzamento baixo o criterio de orzamentos participativos e o que iso significa: destinar unha parte do orzamento que se determine á participación dos veciños e iso non se producíu.

Non estamos a falar de chamamentos nin de presións, estamos a falar de elaborar os orzamentos conforme a un criterio determinado que foi ademais o que vostedes anticiparon antes de que se iniciase mesmo o proceso de negociación.

Por último, cremos que neste intre a nosa actitude responsable perante a cidade de Vigo é permitir que vostedes teñan un orzamento, cremos que van ter un acordo co comité de empresa máis fácil imposible, pero dentro dun ano verémonos e esperamos que cando menos na Xerencia de Urbanismo, se noten as facilidades coas que vostedes contaron nestre intre.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Don Manoel, sobre o tema do maremoto, eu comparto as súas opinións pero non é un tema para encaixar nun orzamento, teño os datos e non trato de facer demagogia e a cantidade que lles dixen é certa, fálase de 48 millóns de euros de créditos blandos, pero non imos entrar nesa discusión e sinceiramente non vexo por onde poidamos encaixar máis cartos. Sobre o tema da patronal a min, que son empresario, non me importa nada que me chamen patronal, o único que eu quería dicir é que é un xeito de relación entre traballador e neste caso institución moi anticuado, só en empresas moi tradicionais e quizais familiares fálase da patronal e dos sindicatos nas xuntanzas. Temos que entender que estamos todos no mesmo barco tratando de acadar o mesmo obxectivo e mesmo sentarse enfronte, isto son cousas que aquí suceden e chámame moito a atención. Nós non é que tentemos de parchear aquí e dacolá, don Manoel, o que temos son dez votos e temos que chegar a acordos e por iso tratamos de falar cos demais e temos que ceder e encaixar porque é o único xeito en que os cidadáns quixeron que esta cidade se gobernara porque lémbrolle que nós temos dez votos porque temos máis votos que os demais, son os cidadáns quen nos puxeron aquí. Obviamente que temos que ceder e entrar en negociacións.

Síntome moi orgulloso que de ser a primeira persoa que recibe os seus comentarios como voceiro, don Santiago. Eu realmente non sei si saberei explicar o que é un orzamento pero lle prometo que sei o que é, por necesidade profesional e persoal levo moitos anos facendo orzamentos.

O que vostede chama poñer flores, Juan e M<sup>a</sup> Jesús chámalle embelecer a cidade que é unha cousa similar pero diferente, facer unha cidade máis bonita e máis vivible tamén empeza por poñer flores. A súa formulación ten dúas vertentes, se me permite a expresión dúas trampas.

A primeira é que vostedes nos dí que prorrogamos o orzamento, que é bo prorrogar; claro, porque o orzamento é o seu e se nós o prorrogamos sería o seu orzamento e Juan e M<sup>a</sup> Jesús resulta que viven na casa do home de abaixo que non quere o mesmo que vostedes é ise é o motivo polo que queremos outro orzamento e non queremos prorrogar. É unha trampa retórica o tema de prorrogar o orzamento.



Pero ademais ten unha trampa técnica moi importante. As cidades están pensadas para ter un orzamento, eu non lles mirei a vostedes prorrogar ningún orzamento, nunca, vostedes tiñan sete ou oito votos e nós temos dez e non o fixeron porque entón non poderían pagar determinadas partidas de gasto agás que non queiran que se paguen, que iso é outra historia diferente. Por exemplo insisto que este ano, a partida de subida do persoal no 2% que non é unha cousa que nós poidamos decidir ou non, senón que ven por unha lei, se non houbera un encaixe dentro do orzamento que era que vostedes non fixeran a oferta de emprego, non poderíamos tela encaixado e non se podería pagar. Hai contratos que se incrementaron, non é que os escribamos nós, é que pon que suben os contratos. Se vostede ten un orzamento que di que o contrato é cen pero o contrato é cento vinte, ten que atopar os recursos e se non hai un orzamento non hai xeito dos encaixar, ten que buscar vostede outro sitio.

Falábame vostede dos 30 millóns de euros de superávit; non é exactamente un superávit, é un remanente, o que é un concepto totalmente diferente. A utilización do remanente é un tema excepcional, non se pode propoñer a utilización dun remanente como a solución dun orzamento porque senón habería que xestionar os concellos con remanentes e non con orzamentos. O remanente é unha excepción e para os remanentes, como don Xabier seguro que sabe, teñen que cadrar as estruturas de masas patrimoniais, por tanto non se pode pagar todo cun remanente, por iso pagamos algunhas cousas.

Pero ademais hai outro truco, recibimos un remanente de 30 millóns pero resulta que había 20 que son utilizables por isto que lle digo a vostedes pero é que quince eran para pagar antigas débedas, non recibimos ese remanente, iso non é certo.

Vostede ten un problema con M<sup>a</sup> Jesús e Juan que si coñecen os proxectos porque son de novas xeracións.

Esquecinme de comentar ó longo de todo o debate de dous erros que quero corrixir e rogo me disculpen porque foron responsabilidade miña. O primeiro é unha partida da Fundación Laxeiro que no meu ánimo de curtar, reducen demasiado e realmente era un convenio que non se pode reducir, ten que ser 66.111 euros; os cartos desa partida saen da partida do mesmo grupo de gasto "transferencias a empresas privadas".

Por outro lado esquecinme dun tema que coido que é importante que é a non inclusión na creación de postos de traballo de dous traballadores sociais que foran pedidos por varios grupos e tamén polos sindicatos e que por un

erro meu non se introduciron. Os cartos para esas partidas serán con cargo ó capítulo I onde hai algún encaixe para o poder facer.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias e antes de pasar a votar, coma Alcaldesa quero amosar publicamente a miña satisfacción e agradecemento á Corporación neste intre no que está anunciada a súa abstención e polo tanto que poderemos quitar adiante o orzamento.

Agradezo tamén as discrepancias e as aportacións de todos e cada un dos grupos. Sobre todo a sensatez e a normalidade no debate político que ten presidido tanto o proceso de elaboración do orzamento coma este Pleno.

Como xa teño dito, Vigo está a vivir un momento que coido que é moi importante e para facer as cousas ben as ferramentas que precisa neste intre son os orzamentos. Tanto o Plan Xeral como a Lei da Área Metropolitana que no último Consello da Xunta se aprobou e de inmediato vai entrar no Parlamento. Tamén outros proxectos como é o desenvolvemento do bordo litoral, coa competitividade de Vigo co seu porto como motor económico, son parte principal de todo o que resulta necesario para contar a nosa cidade do futuro.

A única peza que faltaba precisamente era este orzamento. Vigo 2005 ha de ser necesariamente co esforzo de todos e cada un de nos unha grande cidade e un grande momento o que vai vivir e por iso quero darlle as gracias a todos.

Gracias ó concelleiro de Facenda polo seu magnífico traballo e pídolle que traslade o meu agradecemento a todo o persoal, ós funcionarios que traballaron arreo. Gracias á colaboración do Comité de Persoal nas súas aportacións, gracias ós grupos e o noso compromiso de traballar máis, se cabe, e mellor e por suposto todo o noso esforzo ó servizo de Juan e María Jesús.

Correccións feitas polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, Sr. Guerra Fernández, durante o curso do debate:

- Anular a redución feita á partida correspondente á Fundación Laxeiro, quedando novamente no importe de 66.111 euros, efectuando a baixa con cargo á partida "Transferencias a empresas privadas".
- Incluir no cadro de persoal dous novos traballadores sociais con cargo ó capítulo I do orzamento

*Durante o curso do debate, o concelleiro delegado de Economía e Facenda, Sr. Guerra Fernández, manifesta aceptar as emendas formuladas polo Grupo municipal do Partido Galeguista na forma que se transcribe no apartado primeiro da parte dispositiva deste acordo.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, nove abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, e seis votos en contra dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Aprobar as emendas formuladas polo Grupo municipal do Partido Galeguista, así como a corrección feita polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, ás partidas e nas cantidades seguintes:

	PARTIDA	IMPORTE		DEFINITIVO
DIMINUACION	44510.470000	-46.111,33	Empresas privadas	13.888.67
INCREMENTO	4510.4890001	+46.111,33	Fundación Laxeiro	66.111,33

#### DIMINUCIÓNS

PARTIDA		IMPORTE BAIXA
0110.3100900	Importe operación Tesourería	56.000
1110.2270609	Programas europeos	110.000
1210.2260000	Cánones Autoridade Portuaria	40.000
4510.2260803	Programa música, teatro e danza	50.000
4632.2260600	Cursos, charlas e conferencias	10.000
4510.2260200	Publicidade Cultura	20.000
7510.2260200	Publicidade Turismo	14.000
	TOTAL	300.000

#### ALTAS

5110.2100003	Supresión barreiras arquitectónicas	+30.000
4521.6320500	Pista atletismo	+80.000
4510.688001	Grupo escultor Xaime Quesada	60.000
4633.2270604	Consello Social da Língua	70.000
1110.4890003	Axudas internacionais humanitarias	60.000
	TOTAL	300.000

Segundo.- Aprobar inicialmente, coas modificacións que se derivan do sinalado no apartado anterior, o orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do OA. Instituto Municipal dos Deportes.

- Orzamento do OA. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento do OA Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do OA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo

Terceiro.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e ós seus organismos autónomos, coa salvedade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cuarto.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Quinto.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local coa modificación sinalada polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, así como os dos seus organismos autónomos administrativos relacionados no parágrafo primeiro.

Sexto.- Someter o expediente ós requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo, do 5 de marzo.

De non se ter presentado alegación ou reclamación ningunha, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

O orzamento definitivo aprobarase con efectos do 1 de xaneiro do ano 2005 e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación altérase por modificación das normas citadas, ou por desenvolvementos da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, ou por calquera outra norma legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda, conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA.- Antes de levantar a sesión gustaríame dar a benvinda ó novo voceiro e quixera que constase en acta o agradecemento ó Sr. Lois Pérez Castrillo polos seus anos adicados á cidade.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario

dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.